

**PROGRAMACIÓN
DOCENTE DA
EDUCACIÓN
PRIMARIA
(Curso 2020-2021)**

*CPI Aurelio
Marcelino
Rey García
(Cuntis-
Pontevedra)*



1- INTRODUCCIÓN.....	3
2- CONTEXTUALIZACIÓN.....	8
2.1 Contextualización 1º curso.....	9
2.2 Contextualización 2º curso.....	9
2.3 Contextualización 3º curso.....	10
2.4 Contextualización 4º curso.....	10
2.5 Contextualización 5º curso.....	13
2.6 Contextualización 6º curso.....	14
3- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	16
4- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	17
5. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	18
5.1 1º CURSO.....	18
5.2 2º CURSO.....	46
5.3 3º CURSO.....	84
5.4 4º CURSO.....	119
5.5 5º CURSO.....	170
5.6 6º CURSO.....	233
6. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDOS DO CURSO 2019-2020.....	309
6.1 1º CURSO.....	309
6.2 2º CURSO.....	309
6.3 3º CURSO.....	316
6.4 4º CURSO.....	325
6.5 5º CURSO.....	332
6.6 6º CURSO.....	341
7. EDUCACIÓN EN VALORES.....	347
8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	350
8.1 Adaptacións metodolóxicas 1º curso.....	350
8.2 Adaptacións metodolóxicas 2º curso.....	352
8.3 Adaptacións metodolóxicas 3º curso.....	358
8.4 Adaptacións metodolóxicas 4º curso.....	360
8.5 Adaptacións metodolóxicas 5º curso.....	369
8.6 Adaptacións metodolóxicas 6º curso.....	374
8.7 Adaptacións metodolóxicas área de lingua estranxeira.....	376
8.8 Adaptacións metodolóxicas área de educación física.....	382
8.9 Adaptacións metodolóxicas área de música.....	384
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AS MEDIDAS PARA AFRONTAR OS PROBLEMAS DE APRENDIZAXE.....	387
9.1 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ESPECÍFICAS POR CURSO.....	391
10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	396
11. MEDIDAS PARA A INCORPORACIÓN DAS TIC AO TRABALLO NA AULA.....	397
12- A ACCIÓN TITORIAL.....	397
13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	397
14.1. AVALIACIÓN INICIAL.....	403
14.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	406
14.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	409
14.4 CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	412
15. AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	413
16. AVALIACIÓN DESTA PROGRAMACIÓN.....	415

1- INTRODUCCIÓN

A programación didáctica que se desenvolve neste documento corresponde ao primeiro nivel de concreción curricular.

A finalidade da educación primaria é facilitarles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparamos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A etapa de educación primaria comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade, e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada persoa desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. O currículo está integrado por:

- **Obxectivos:** os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- **Competencias:** as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- **Contidos:** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.



- Criterios de avaliación: o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- Metodoloxía didáctica: o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado. A nova configuración curricular establece o agrupamento de disciplinas en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

Sobre o **bloque de disciplinas troncais** o Goberno do Estado determina os contidos comúns, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, os criterios de avaliación e o horario mínimo lectivo. A Comunidade Autónoma deberá completar e secuenciar en cursos os contidos, adaptados á realidade galega, completar os criterios de avaliación, realizar recomendacións metodolóxicas, e fixar o horario lectivo máximo. Os centros docentes poderán completar contidos e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

Dentro do bloque de disciplinas troncais, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

- a) Ciencias da natureza.
- b) Ciencias sociais.
- c) Lingua castelá e literatura.
- d) Matemáticas.
- e) Primeira lingua estranxeira.

O **bloque de disciplinas específicas** permite unha maior autonomía á hora de fixar horarios e contidos das disciplinas. O Goberno do Estado determina os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación, e correspóndelle á Comunidade Autónoma establecer os contidos, completar os criterios de avaliación, realizar recomendacións metodolóxicas e fixar o horario correspondente. Os centros docentes poderán completar os contidos e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

Do bloque de disciplinas específicas, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

- a) Educación física.
- b) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a tutoría legal.
- c) Educación artística.

O **bloque de disciplinas de libre configuración autonómica** supón o maior nivel de autonomía. Nestas disciplinas a Comunidade Autónoma establece os contidos e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación e o horario, así como as recomendacións metodolóxicas. Os centros docentes poderán completar os contidos e configurar a súa oferta formativa, ademais de deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios e determinar a carga horaria.

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorporan unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Así, nas idades do alumnado de educación primaria é especialmente salientable que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo desta etapa se traten de xeito integrado, esperten a curiosidade e o interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara as persoas falantes desas linguas.

Dentro das materias de libre de configuración autonómica o centro ten aprobado que o alumnado de 4º de EP cursará CTEM (onde se traballarán contidos de ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas apoiándose fundamentalmente na robótica) e o alumnado de 6º EP cursará 2º lingua estranxeira (francés). Neste curso e, seguindo o apartado 4.7 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, adicaranse ao reforzo das áreas de lingua, lingua e matemáticas.

Por outra banda potenciarase a aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como «un saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Así, a metodoloxía, será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.



Elaboraranse actividades de aprendizaxe integradas que incluirán elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos formarán parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de disciplinas diferentes, permitirá determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

2- CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. O centro está situado na rúa José M^a Lastra no centro do Concello de Cuntis.

Neste curso 2019-2020 o centro conta con 4 aulas de Educación Infantil, 12 de Educación Primaria e 7 de Educación Secundaria Obrigatoria que conforman un total de 363 alumnos e alumnas.

O noso centro conta con 45 profesores e profesoras, a maior parte con destino definitivo no centro. Así mesmo, hai un administrativo, un conserxe (que depende administrativamente do Concello de Cuntis), catro persoas encargadas da limpeza (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría) e catro persoas encargas de servir no comedor (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría).

O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño.

O alumnado que acode a este centro é de extracción socio-económica media e baixa. Hai varios casos de familias moi desfavorecidas, da maioría das cales provén un alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, debido, entre outros factores, á situación familiar. O alumnado de procedencia estranxeira é escaso, mais o que hai intégrase con relativa facilidade.

A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de Educación Infantil, así como actitudes e opinións estereotipadas e prexuzosas verbo da súa propia lingua.

A ANPA mantén unha relación estreita coa vida do Centro, tanto á hora de participar activamente nas actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas, como á hora de canalizar as propostas e reclamacións das nais e pais. A xestión do comedor do centro a coordina o equipo directivo do centro que asumiu estas funcións hai catro cursos.

2.1 Contextualización 1º curso

Esta programación está deseñada para o 1º nivel da Educación Primaria, en concreto para un grupo de 31 alumnos e alumnas divididos en dúas aulas (1ºA e 1ºB) para o seu desenvolvemento do actual curso 2020-2021.

As dúas aulas do 1º nivel de Educación Primaria están organizadas da seguinte forma:

- 1ºA: 16 alumnos/as (7 nenas e 9 nenos)
- 1ºB: 15 alumnas/os (5 nenas e 10 nenos)

Dos cales:

23 alumnos-as cursan a área de Relixión e 7 alumnos-as cursan a área de Valores Sociais e Cívicos.

En relación ao ámbito académico o perfil do alumnado de ámbalas dúas aulas é de diversidade diferente.

Entre as dúas aulas temos catro alumnos-as novos (un alumno xa cursara 2 cursos de EI neste centro anteriormente), varios alumnos/as que recibiron reforzo educativo no último nivel de Educación Infantil e alumnado que superou o 6º curso de Educación Infantil sen dificultade.

Trátase de dúas aulas na que se terá que atender a diversidade do alumnado de forma diaria con reforzo e ampliación de recursos académicos.

2.2 Contextualización 2º curso

No 2º nivel da Educación Primaria, está matriculado un grupo de 27 alumnos e alumnas divididos en dúas aulas (2ºA e 2ºB) para o seu desenvolvemento do actual curso 2020-2021.

As dúas aulas do 2º nivel de Ed. Primaria están organizadas da seguinte forma:

- 2ºA: 14 alumnos/as (6 nenas e 8 nenos)
- 2ºB: 13 alumnas/os (7 nenas e 6 nenos)

Dos cales:

16 alumnos/as cursan a área de Relixión e 11 alumnos/as cursan a área de Valores Sociais e Cívicos. En relación ao ámbito académico o perfil do alumnado de ámbalas dúas aulas é de diversidade diferente.

Trátase de dúas aulas na que se terá que atender á diversidade do alumnado de forma diaria con reforzo e ampliación de recursos académicos e apoio por parte do especialista de AL.

2.3 Contextualización 3º curso

Cursan o 3º nivel da Educación Primaria un grupo de 34 alumnos e alumnas divididos en dúas aulas (3ºA e 3ºB) para o seu desenvolvemento do actual curso 2020-2021. As dúas aulas do 3º nivel de Ed. Primaria están organizadas da seguinte forma:

- 3ºA: 17 alumnos/as (12 nenas e 5 nenos)
- 3ºB: 17 alumnas/os (11 nenas e 6 nenos)

Dos cales:

16 alumnos cursan a área de Relixión e 18 alumnos/as cursan a área de Valores Sociais e Cívicos.

En relación ao ámbito académico o perfil do alumnado de ámbalas dúas aulas é de diversidade diferente.

Entre as dúas aulas temos un alumno repetidor, varios alumnos/as que recibiron reforzo educativo no 2º nivel de Educación Primaria, 1 alumno diagnosticado de Asperger, un alumno con dislexia, 1 alumno con materias pendentes do 2º curso de E. Primaria, certos alumnos que superaron o 2º curso de E. Primaria pero con algunhas dificultades e alumnado que superou o 2º curso de Educación Primaria sen dificultade.

Trátase de dúas aulas na que se terá que atender a diversidade do alumnado de forma diaria con reforzo e ampliación de recursos académicos e apoio por parte de especialistas de PT e AL.

2.4 Contextualización 4º curso

No cuarto nivel hai un total de 35 alumnos e alumnas, dividido en dous grupos: 4ºA con 17 (9 nenos e 8 nenas) e 4ºB con 18 (10 nenos e 8 nenas).

En xeral, en 4ºA obsérvanse no grupo clase dificultades tanto na mecánica e velocidade lectora como na comprensión escrita, polo que se implementará de forma excepcional unha materia de reforzo da lectura dentro da aula. Nesta clase hai dúas alumnas que con

anterioridade repetiron curso, unha delas con ACS de 2º nivel, 1 neno de apoio de AL e 3 de reforzo dentro da aula.

Dos dezoito alumnos, 6 cursan a materia de Valores Sociais e Cívicos, e 11 a materia de Relixión Católica.

Por outra parte, 12 nenos/as proceden dun medio rural e 5 do centro urbano de Cuntis. Así a todo, todos contan con conexión Internet ben sexa a través dun ordenador ou móbil da familia. De feito, a comunicación coas familias realízase a través da Internet (Tokapp ou email).

Tanto o nivel de estudo das familias como o nivel socioeconómico que impera é medio-baixo, aínda que a participación nas actividades extraescolares é habitualmente óptima (deportes, linguas estranxeiras, música...). No obstante, a exposición a prol do enriquecemento cultural (cine, teatro, exposicións...) é limitada.

En canto á unidade familiar, a maioría convive cos proxenitores, tres alumnos con eles separados.

Menos do 50% do alumnado deste curso é galego falante.

Por outra parte, 12 nenos/as proceden dun medio rural e 5 do centro urbano de Cuntis. Así a todo, todos contan con conexión Internet ben sexa a través dun ordenador ou móbil da familia. De feito, a comunicación coas familias realízase a través da Internet (Tokapp ou email). Das 17 familias, 6 delas consideran ter unha conexión a Internet óptima, e 11 familias afirman ter unha conexión mellorable para o estudo.

En canto á dotación de recursos tecnolóxicos, recóllese mediante enquisa a seguinte información:

- 17 alumnos dispoñen de computadora no domicilio,
- 8 alumnos contan tamén cunha tableta a maiores á súa disposición,
- 3 familias só dispoñen de móbil como medio de conexión.

En relación con 4º B obsérvanse no grupo-clase certas dificultades na comprensión escrita, ortografía, coñecemento da lingua, cálculo operacional e no razoamento e resolución de problemas, polo que se programará de forma excepcional unha materia de reforzo dentro da carga lectiva como materia de libre configuración, xa que logo se contempla unha ampla diversidade en canto ás destrezas académicas, diversidade acentuada tras o período de teledocencia vencellado á crise sanitaria durante o curso

anterior. Neste senso será tamén preciso recuperar a calidade nas relacións sociais entre iguais e reforzar a saúde emocional. Cómpre mentar que dous alumnos repetiron curso con anterioridade (unha das alumnas repetiu o segundo nivel e outro o terceiro nivel).

Neste curso propóñense 3 nenos/as para apoio de PT. Dous deses tres alumnos propostos teñen a materia de matemáticas pendente. Ademais, outros dous alumnos precisarán reforzo en aula. Por outra banda, propóñense 4 nenos/as para apoio do AL. Os catro alumnos propostos para AL teñen, ao menos, unha das materias do ámbito lingüístico con cualificación negativa. Ademais outro alumno máis recibirá reforzo na aula. Todos os alumnos mentados recibirán ademais reforzo na aula. Un dos alumnos propostos para AL e PT procede doutro centro educativo e conta con tres materias suspensas no curso anterior.

Dos dezoito alumnos, 10 cursan a materia de Valores Sociais e Cívicos, e 8 a materia de Relixión Católica.

Por outra parte, 10 nenos/as proceden dun medio rural e 8 do centro urbano de Cuntis. Así a todo, todos contan con conexión Internet ben sexa a través dun ordenador ou móbil da familia. De feito, a comunicación coas familias realízase a través da Internet (Tokapp ou email). Das 18 familias, 12 delas consideran ter unha conexión a Internet óptima, 4 familias afirman ter unha conexión mellorable para o estudo, e 2 familias din posuír unha conexión moi mellorable.

En canto á dotación de recursos tecnolóxicos, recóllese mediante enquisa a seguinte información:

- 16 alumnos dispoñen de computadora no domicilio,
- 12 alumnos contan tamén cunha tableta a maiores á súa disposición,
- 2 familias só dispoñen de móbil como medio de conexión.

Tanto o nivel de estudos das familias como o seu nivel socioeconómico que impera é medio-baixo, aínda que a participación nas actividades extraescolares é habitualmente óptima (deportes, linguas estranxeiras, música...). No obstante, a exposición a prol do enriquecemento cultural (cine, teatro, exposicións...) é limitada.

En cando á unidade familiar, a maioría convive cos proxenitores, tres alumnos conviven cos proxenitores separados e unha familia é actualmente monoparental.

Menos do 50% do alumnado deste curso é galego falante.

2.5 Contextualización 5º curso

O quinto nivel de educación primaria está formado por dous grupos: 5ªA e 5ªB.

O grupo **5º A** está formado por dezaseis alumnos e alumnas con idades comprendidas entre os dez/once anos: 10 alumnas e 6 alumnos.

Proceden de dúas titorías distintas de cuarto de primaria:

- 7 de 4º A
- 9 de 4º B

12 alumnos cursan Relixión católica e 4 Valores cívicos e sociais.

Respecto a avaliación histórica e analizados os datos que obran no centro podemos dicir:

- 11 alumnos cunhas cualificacións positivas e amosando un alto nivel de consecución de competencias.
- 5 alumnos con dificultades nalgunhas materias, recibindo os cinco algún tipo de reforzo educativo no curso pasado: tres deses alumnos recibían ademais reforzo educativo en aula específica de AL ou PT.

Realizadas algunhas probas como procedemento complementario dentro da avaliación inicial recóllense os seguintes índices:

Respecto ao ámbito lingüístico:

- Varios alumnos con deficiencias na secuencia lectora propia do nivel e nivel baixo na comprensión lectora en xeral.
- Nivel aceptable na expresión oral e no emprego de vocabulario.
- Nivel medio no coñecemento da lingua.
- Nivel baixo na ortografía e na expresión escrita.

Referíndonos ao ámbito matemático:

- Varios alumnos manifestan importantes dificultades tanto no bloque operación matemáticas como no razoamento e procedemento de solución de problemas.

Nesta aula cóntase tamén cunha alumna con TDAH que se caracteriza por ser impulsiva e ter problemas condutuais.

O grupo **5º B** está formado por dezaseis alumnos e alumnas con idades comprendidas entre os dez/once anos: 10 alumnas e 6 alumnos.

Proceden de dúas titorías distintas de cuarto de primaria:

- 9 de 4º A

- 7 de 4º B

12 alumnos cursan Relixión católica e 4 Valores cívicos e sociais.

Respecto a avaliación histórica, e analizados os datos que obran no centro podemos dicir:

- 11 alumnos cunhas cualificacións positivas e amosando un alto nivel de consecución de competencias.
- 5 alumnos con dificultades nalgunhas materias, recibindo os cinco algún tipo de reforzo educativo no curso pasado: 2 deses alumnos recibían ademais reforzo educativo en aula específica de AL ou PT.

Realizadas algunhas probas como procedemento complementario dentro da avaliación inicial recóllense os seguintes índices:

Respecto ao ámbito lingüístico:

- Varios alumnos con deficiencias na secuencia lectora propia do nivel e nivel baixo na comprensión lectora en xeral.
- Nivel aceptable na expresión oral e no emprego de vocabulario.
- Nivel medio no coñecemento da lingua.
- Nivel baixo na ortografía e na expresión escrita.

Referíndonos ao ámbito matemático:

- Varios alumnos manifestan importantes dificultades tanto no bloque operación matemáticas como no razoamento e procedemento de solución de problemas.

Nesta aula cóntase tamén cun alumno con TDAH , e un alumno con discalculia.

2.6 Contextualización 6º curso

6º A

Descrición grupo:

Alumnado:

17. Grupo 6º A formado por dezoito alumnos e alumnas con idades comprendidas entre os dez/once/doce anos:

- 11 alumnos
- 7 alumnas
- Promoción de todo o alumnado do anterior nivel (5ºA)
- 14 alumnos cursan Relixión católica e 4 Valores cívicos e sociais

Características socio-económicas:

O centro ubícase nunha zona rural cun total abandono da actividade agropecuaria e con pouco desenvolvemento industrial. Non se perciben signos de dificultades económicas familiares a non

ser en dous casos, dato a reter en canto á participación en actividades extraescolares onde sexa precisa aportación económica familiar.

Ter en conta a situación de nove alumnxs con desenvolvemento en ámbito monoparental despois de separación de parella.

Características socio-culturais

No tocante ao nivel cultural familiar domina case na súa totalidade o ter cursado estudos básicos cun moi poucos casos de estudos universitarios, aínda así percíbese un ambiente cultural positivo e unha implicación familiar no seguemento de estudos co algunha excepción na que se poñera máis énfase.

Rendemento alumnado

Avaliación histórica:

- 1 alumnxs cun progreso axeitado superando os mínimos propostos nos respectivos cursos.
- 7 alumnxs con dificultades para acadar os mínimos en distintas materias:
- 3 alumnxs con dificultades para seguir o ritmo de aula, precisan de constante reforzo, nivel actitudinal negativo.
- 4 alumnxs repetidores en cursos anteriores que acarrean graves deficiencias na consecución das destrezas e competencias que lles posibiliten unha recuperación idónea.
- Nestes catro alumnxs inclúese un caso de ACS, cunha adaptación formulada no curso pasado pendente de envío e aprobación por parte da administración (en proceso) pero cunha aplicación inmediata desde inicio de curso.

O grupo de **6ºB** constitúeno 16 alumnos e alumnas entre os que cabe mencionar:

- Un alumno repetidor que se incorpora este ano ao grupo, a quen se lle realizou unha ACI e recibe apoio educativo por parte dos mestres de PT e AL.
- Dous alumnos diagnosticados de TDAH. Unha das alumnas non presenta grandes dificultades pero o outro si precisa apoio tanto por parte da titora como da mestra de PT.
- Un alumno con bastantes dificultades de aprendizaxe, a quen se lle fará unha adaptación curricular para o presente curso.

Valoración moi positiva do programa ARCO aplicado no curso anterior. Intervención moi precisa nun curso tan heteroxéneo e cun número importante de casos que precisan reforzo educativo.

3- OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k)** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l)** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m)** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n)** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o)** Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, temos deseñadas actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos aprendizaxes en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

5. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

5.1 1º CURSO

LINGUA CASTELÁ 1º CURSO												
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA EAA	CC	TEMPORAL. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						
			1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Listaxe de cotexo	Rúbricas	Exposicións orais	Presentación de traballos	Traballo clase	Outros
B.1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.		CCL CAA CSC	x	x	x	X						
B.1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabra.		CCL CAA CSC	x	x	x	X						
B.1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.		CCL CSC	x	x	x	X						
B.1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	Participa en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais moi guiadas.	CCL CD CAA CSC CSIEE	x	x	x	X			X			
B.1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.		CCL	x	x	x	X			X			
B.1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	Comprende o sentido global de textos orais.	CCL CAA	x	x	x	X					X	
B.1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisuais sobre temas do seu interese.		CCL CAA	x	x	x	X					X	
B.1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.		CCL CAA CCEC	x	x	x	X						
B.1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.		CCL		x	x	X		X				
B.1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.		CCL	x	x	x	X			X			



		CSIEE										
B.1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba...	Describe de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares.	CCL			x	X			X		X	
B.1.9.3. Utiliza correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...		CCL			x	X			X		X	
B.1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		CCL CSC	x	x	x	X			X			
B.1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.		CCL CAA CSC CSIEE	x	x	x	X						
B.2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	Lee textos sinxelos de variada tipoloxía breves e adaptados á súa idade.	CCL			x	X			X			
B.2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.		CCL CAA			x	X						X
B.2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións...		CCL CAA		x	x	X						X
B.2.4.1. Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.		CCL			x	X						
B.2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.		CCL			x	X						
B.2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	Identifica, con axuda, textos da biblioteca para o seu lecer.	CCL CD CAA	x	x	x	X						
B.2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	Coida conserva e organiza o seu material.	CCL CSC	x	x	x	X						
B.3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.		CCL	x	x	x	X			X			X
B.3.1.2. Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia...		CCL			x	X						X
B.3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.		CCL		x	x	X						X
B.3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	Escribe, con axuda, textos moi sinxelos: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas,...	CCL CD CAA			x						X	X
B.3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.		CCL	x	x	x						X	X

		CAA																	
B.4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.		CCL	x	x	x														X
B.4.1.2. Recoñece o alfabeto e iniciase na orde alfabética.		CCL	x	x	x	X												X	X
B.4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.		CCL			x	X													X
B.4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.		CCL			x	X													X
B.4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.		CCL			x														X
B.4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.		CCL			x	x													X
B.4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.	Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro.	CCL			x	x	X												X
B.4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.		CCL			x	x	X												X
B.4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.		CCL			x	x	X												X
B.4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	Recoñece diminutivos e aumentativos de palabras.	CCL				x	X												X
B.4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.		CCL				x	X												X
B.4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas de ortografía propias do nivel.	CCL				x	x	X											X
B.4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.		CCL				x	x												X
B.4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	Utiliza de xeito guiado distintos programas e aplicacións como ferramentas de aprendizaxe.	CCL CD CAA					x	X											X
B.4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.		CCL CSC					x	X											X
B.5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...		CCL CCEC					x	X										X	X
B.5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.		CCL CAA CCEC CSC					x	X						X					
B.5.2.1. Goza da escoita de textos literarios narrativos, líricos e		CCL CCEC	x	x	x	X													

dramáticos.													
B.5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	CCL CAA			x	X								
B.5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	Utiliza a biblioteca de aula. CCL CAA	x	x	x	X	X				X	X		
B.5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas...) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CCEC			x	X							X	
B.5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC	x	x	x	X								

LINGUA GALEGA 1º CURSO														
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA EAA	CC	TEMPORAL. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN								
			1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Listaxe de cotexo	Rúbricas	Exposicións orais	Presentación de traballos	Traballo clase	Outros		
B.1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos próximos á experiencia infantil.	CCL CAA	x	x	x	X							X	
B.1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundante co contido.	Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	CCL CD CAA CSC	x	x	x	X							X	
B.1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.		CCL CAA CSC CSIEE	x	x	x	X								
B.1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.		CCL CAA	x	x	x	X								
B.1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.		CCL CSIEE CAA		x	x	X							X	
B.1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.		CCL CSIEE CAA		x	x	X							X	



B.1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.		CCL CSC	x	x	x	X								
B.1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.		CCL CSC	x	x	x	X								
B.1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.		CCL CSC CAA	x	x	x	X								
B.1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.		CCL CSC CCEC	x	x	x	X								
B.1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	Utiliza a lingua galega en situacións de comunicación dentro da aula.	CCL CSC CCEC	x	x	x	X		X						
B.1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.		CCL CSC CCEC	x	x	x	X								
B.1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral.	CCL CSC CCEC		x	x	X								
B.1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.		CCL CSC CCEC CAA		x	x	X								
B.1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.		CCL CAA	x	x	x	X								
B.1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais.	CCL CAA CSIEE	x	x	x	X								
B.1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propio da lingua galega.	Amosa interés en comunicarse oralmente utilizando a lingua galega.	CCL CAA CCEC CSIEE	x	x	x	X								
B.1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.		CCL CSC	x	x	x	X								
B.1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	Usa unha linguaxe respetuosa coas diferenzas.	CCL CSC	x	x	x	X								
B.1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	Identifica a lingua galega oral.	CCL CCEC			x	X								
B.1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.		CCL CCEC CSC	x	x	x	X								
B.2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	Comprende a información relevante de textos sinxelos próximos á experiencia do alumnado.	CCL CD CSC			x	X							X	



B.2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións.		CCL			x	x	X							X	
B.2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	Localiza información en textos breves e sinxelos (folletos, descrições, ...)	CCL CAA CSIEE				x	X							X	
B.2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.		CCL CAA CSC CSIEE CMCT			x	x	X							X	
B.2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.		CCL CAA CSC			x	x	X	X					X	X	
B.2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.		CCL CAA CSC			x	x	X								
B.2.5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.	Amosa interese pola conservación e organización do seu material (libros,...)	CCL CAA CSC	x		x	x	X								
B.2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	Amosa interese pola lectura.	CCL CAA CSC CCEC			x	x	X								
B.2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Selecciona textos e explica dun xeito sinxelo as súas preferencias lectoras.	CCL				x	X					X			
B.2.7.2. Expressa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Iníciase na expresión de opinións e valoracións sobre lecturas feitas.	CCL CSC CAA CSIEE				x	X					X			
B.3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.		CCL CSIEE CAA				x							X	X	
B.3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.		CCL CAA CSIEE				x							X	X	
B.3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.		CCL				x							X	X	
B.3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.		CCL CSC CCEC				x							X	X	
B.3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	Compón pequenos textos de forma guiada.	CCL CAA CSIEE				x							X	X	
B.3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións	Compón textos relacionados coa escola.	CCL CAA CSIEE				x							X	X	



B.5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL CCEC CD			x	X		X				
B.5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	CCL CCEC CSC			x					X	X	
B.5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC			x	X						
B.5.5.1. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	CCL CCEC	x	x	x	X						

MATEMÁTICAS 1º CURSO												
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA EAA	CC	TEMPORAL. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						
			1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Listaxe de cotexo	Rúbricas	Exposicións orais	Presentación de Traballos	Traballo clase	Outros
MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	Comunica verbalmente e con axuda o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas.	CMCCT CCL			x	X						
MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.		CMCCT CAA	x	x	x	X					X	
MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.		CMCCT CD CAA		x	x	X						
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.		CMCCT CCL			x						X	
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.		CMCCT CCL			x						X	
MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.		CMCCT			x						X	



MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	CMCCT CAA CSIEE			x	X							
MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba- abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.	CMCCT CAA CCL			x							X	
MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante- detrás, arriba-abaixo, preto- lonxe e próximo-afastado.	CMCCT CAA CCL			x							X	
MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. Líneas abertas e pechadas. Rectas, curvas e líneas poligonais.	CMCCT CAA		x	x	X			X			X	
MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	CMCCT CAA			x	X						X	
MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas. CCCT CAA CSIEE			x	x	X						
MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas	CMCCT CAA	x	x	x	X						X	X
MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.	CMCCT CAA	x	x	x							X	X



CIENCIAS DA NATUREZA 1º CURSO												
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA EAA	CC	TEMPORAL. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						
			1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Listaxe de cotexo	Rúbricas	Exposicións orais	Presentación de traballos	Traballo clase	Outros
CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de maneira limpa, clara e ordenada.	CAA CCL CMCCT CSIEE CCEC CD	x	x	x	X				X	X	
CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta certa autonomía e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE		x	x	X						
CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.		CAA CMCCT CSC CSIEE		x	x	X					X	
CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.		CMCCT CSC	x	x	x	X						
LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	CCL CAA CSIEE				X	X	X	X	X				
LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.	CCL CAA				X		X	X		X			
LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	CCL				X	X	X	X			X		
LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	CCL CAA CSC				X	X	X	X	X				
LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL CSC CAA CSIEE				X	X	X	X	X				
LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.	CCL CD CAA				X	X	X	X	X				
LGB5.1.1. Escolta, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral	CCL CAA CCEC				X		X	X	X				
LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	CCL CCEC CD				X		X	X	X				
LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	CCL CCEC CD				X			X	X				

MATEMÁTICAS 6º CURSO-ADAPTACIÓN COVID DOS ESTÁNDARES DE 5º CURSO													
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA EAA				TEMPORALIZAC. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
		NA 0%-25 %	EP 25 %-50 %	AC A 50 %-75 %	AS A 75 %-100 %	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Probas escritas	Probas orais	Caderno clase	Outros
MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.	CMCCT CAA CSIEE				X	X	X	X	X				
MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas	CMCCT CAA CCL				X	X	X	X	X				
MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.	CMCCT				X			X		X			
MTB3.4.2. Mide ángulos usando instrumentos convencionais.	CMCCT				X			X	X				
MTB4.2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	CMCCT				X			X		X			
MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.	CMCCT CAA				X			X				X	

CIENCIAS SOCIAIS 6º CURSO- ADAPTACIÓN COVID DOS ESTÁNDARES DE 5º CURSO													
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA EAA				TEMPORALIZAC. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
		NA 0%-25 %	EP 25 %-50 %	AC A 50 %-75 %	AS A 75 %-100 %	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Probas escritas	Probas orais	Caderno clase	Outros
CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA CCL				X	X	X	X	X				



CSB1.2.2. Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	CSC CAA				X	X	X	X	X				
CSB4.1.1. Identifica e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	CSC CMCCT CCL CCEC				X			X		X			
CSB4.4.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España.	CMCCT CSC CCEC CCL				X			X				X	
CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico.	CSC CCEC				X			X	X				X

PLÁSTICA 6º CURSO- ADAPTACIÓN COVID DOS ESTÁNDARES DE 5º CURSO													
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA EAA				TEMPORALIZAC. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
		NA 0%- 25 %	EP 25 %- 50 %	AC A 50 %- 75 %	AS A 75 %- 100 %	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Probas escritas	Probas orais	Caderno clase	Outros
		EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.	CCEC CCL				X	X	X	X	X		
EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo	CSC				X	X	X	X	X				
EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.	CCEC				X	X			X				X
EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.	CSC				X	X	X	X	X				
EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	CSC				X	X	X	X	X				
EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións	CSC CCEC				X	X	X	X	X				X

establecidas.													
---------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

E.F. 6º CURSO- ADAPTACIÓN COVID DOS ESTÁNDARES DE 5º CURSO													
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA EAA				TEMPORALIZAC. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN				
		NA 0%- 25 %	EP 25 %- 50 %	AC A 50 %- 75 %	AS A 75 %- 100 %	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Probas escritas	Probas orais	Caderno clase	Outros
EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.	CSC CAA CSIEE				X	X		X					
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	CCEC CSC CAA				X	X	X	X	X				
EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	CCEC CSC CAA		X					X	X				
EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.	CCEC CAA CSC CSIEE		X					X	X				
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.	CCEC CAA CSC			X				X					Pr ob a prá ctic a
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	CSC CAA				X	X		X	X				

MÚSICA 6º CURSO-ADAPTACIÓN COVID DOS ESTÁNDARES DE 5º CURSO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA EAA				TEMPORALIZAC. TRIMESTRAL			INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN					
		NA 0%- 25 %	EP 25 %- 50 %	AC A 50 %- 75 %	AS A 75 %- 100 %	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	Observación	Probas escritas	Probas orais	Caderno clase	Outros	
EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC			X		X				X			X	
EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.	CCEC CMCCT CAA		X				X						X	
EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.	CCEC CAA		X					X	X					
EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA	X				X			X					
EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT		X				X		X					
EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CMCCT			X				X	X					Pr ob a prá cti ca

7. EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúa en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores forma parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
2. Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
4. Facultar ao alumnado para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.

- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Respetar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

8.1 Adaptacións metodolóxicas 1º curso

8.1.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

CARGA HORARIA TITORÍA E ESPECIALIDADES (SEMANAL) POR MATERIAS – 1º CURSO EP	
LINGUA GALEGA	4 sesións semanais
LINGUA CASTELÁ	4 sesións semanais
MATEMÁTICAS	5 sesións semanais
CIENCIAS DA NATUREZA	2 sesións semanais
CIENCIAS SOCIAIS	3 sesións semanais
VALORES/RELIXIÓN	1 sesións semanais
PLÁSTICA	1 sesións semanais
TOTAL	20 sesións titoría
Educación Física	2
Música	1
Lingua Inglesa	2
TOTAL	5 sesións especialidades

A carga horaria das diferentes áreas do curriculum levarase a cabo a través de diferentes contextos ao longo do curso:

CONTEXTOS	
<p style="text-align: center;">CONTEXTO</p> <p>LINGÜÍSTICO-MATEMÁTICO GLOBALIZADO</p> <p>(Lingua Galega/Lingua Castelá-Matemáticas):</p> <p style="text-align: center;">5 sesións semanais (diariamente)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Asamblea • Comunicación oral e escrita • Lectura • Lectoescritura • Vocabulario • Ortografía

	<ul style="list-style-type: none"> • Gramática • Numeración • Algoritmos • Medida, xeometría e tratamento da información • Resolución de problemas
<p>CONTEXTO CIENTÍFICO-HUMANÍSTICO: (Ciencias da Natureza-Ciencias Sociais) 5 sesións semanais (2 días)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mini-proxectos sobre contidos de ciencias naturais e ciencias sociais
<p>CONTEXTO SOCIAL: Valores (Valores Cívicos e Sociais) 1 sesión semanal</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emocións • Habilidades Sociais
<p>CONTEXTO ARTÍSTICO: Plástica (Plástica) 1 sesión semanal (1 día) / introducido noutras áreas de forma interdisciplinar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mini-proxectos relacionados con contidos doutras áreas ou con contidos libres.

Debido á situación derivada polo Covid-19 e seguindo o protocolo, o alumnado agruparase en pequenos grupos dentro da aula.

Para a realización das diferentes actividades o alumnado traballará maioritariamente de forma individual e os espazos onde se desenvolverá a aprendizaxe será na aula ordinaria todo o tempo salvo na área de E.F. e Valores Cívicos e Sociais.

8.1.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Este curso, debido á situación de alarma sanitaria pola Covid 19, a situación de ensino-aprendizaxe terá lugar en tres situacións diferenciadas:

Situación de presencialidade no centro:

O ensino-aprendizaxe terá lugar na aula ordinaria tendo sempre en conta o protocolo de actuación sobre as medidas de hixiene. Debido a esta situación tamén se utilizará dende o primeiro día de cole e diariamente un blogue de aula no que tentaremos de familiarizar

ao noso alumnado co seu funcionamento para que, deste xeito, tanto alumnado como familias poidan ver e acceder aos contidos e traballo que se desenvolverá diariamente nas aulas deste 1º nivel de Educación Primaria.

Situación de semipresencialidade ou non presencialidade:

Coa decisión tomada entre as titoras sobre a utilización dun blogue de aula, pretendemos ensinar ao alumnado a identificar o que se vai traballar cada día e, no caso de ter que facer un ensino de forma semipresencial ou non presencial o alumnado será quen de identificar as tarefas diarias de traballo.

No caso de non presencialidade o traballo referido a todas as áreas, incluídas as especialidades, estaría exposto no blogue de aula para unha mellor difusión do mesmo para as familias. Tanto na situación de semipresencialidade como de non presencialidade as tarefas serán levadas a cabo coa seguinte orde:

- No blogue de aula colgaranse diariamente as tarefas a desenvolver polo alumnado; tanto tarefas das áreas de titoría como as tarefas das áreas de especialidades. Seguirase o horario normal do colexio en canto ás materias, é dicir, cada día o alumnado traballará nas áreas que se corresponden co seu traballo dende a aula de forma presencial.
- As tarefas poderán ter formato pdf para ser impresas ou poderán ter formato dixital para facerse dende o ordenador.
- As tarefas con formato pdf terán que ser impresas e realizadas en papel.
- Utilizarase o correo electrónico como forma de envío/corrección das tarefas entre as familias e o profesorado. Para isto as familias deberán facer foto ou escaneo das tarefas para poder envialas ao profesorado.

8.2 Adaptacións metodolóxicas 2º curso

8.2.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias persoais favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmo, o espírito emprendedor, capacidade de esforzo e mellora da competencia dixital ... é dicir metodoloxías que desenvolvan competencias. Tales como son a metodoloxía de aprendizaxe baseado no pensamento e en competencias, pensamento de deseño, aprendizaxe baseado en problemas, aprendizaxe manipulativo, gamificación, clase invertida e OAOA.

Alumnado sen conectividade: metodoloxía tradicional en canto a que o alumnado asenta os coñecementos mediante a práctica e a repetición despois de que o mestre lle dea a información (con autocorreccións con solucionarios, carpetas compartidas con contido de fichas para imprimir e uso do propio libro de texto).

Alumnado con conectividade: metodoloxías activas (por medio da aula virtual , blog de aula, muro virtual, xogos interactivos, documentos e carpetas compartidas).

Durante este curso escolar e mentres a presenza do COVID19 continúe o alumnado estará sentado nun lugar fixo e de forma individual para previr calquera tipo de contaxio polo que non se farán agrupamentos.

Á hora de realizar agrupamentos, os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e deben ter en conta aspectos como o punto de partida dos alumnos ao chegaren ao inicio de cada curso. Estes son os criterios máis empregados este curso escolar:

- Rendemento académico.
- Ritmo de aprendizaxe.

Respecto á organización de espazos e desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- *Espazos propios do grupo (aula)*. Cada titor organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva; será conveniente ter en conta variables como idade, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc. Se nunha aula imparten actividades lectivas outros mestres ademais do titor, han de preocuparse, ao concluír a clase, de que material e espazos se encontren na distribución planificada por este.
- *Espazos compartidos polos alumnos*. Os alumnos de Primaria comparten espazos con alumnos de outras etapas educativas fóra do centro. Algúns destes espazos son os seguintes:
 - Ximnasio
 - Pavillón

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, realizamos unha temporalización que inclúe a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario de actividade docente, no que se teñen en conta actividades organizativas do centro.

CARGA HORARIA SEMANAL POR MATERIAS	
LINGUA GALEGA	4 sesións semanais
LINGUA CASTELÁ	4 sesións semanais
MATEMÁTICAS	5 sesións semanais
CIENCIAS DA NATUREZA	2 sesións semanais
CIENCIAS SOCIAIS	2 sesións semanais
VALORES / RELIXIÓN	2 sesións semanais
PLÁSTICA	1 sesión semanal
INGLÉS	2 sesións semanais
E.F.	2 sesións semanais
MÚSICA	1 sesión semanal

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmo e promovendo o traballo cooperativo mantendo a distancia de seguridade polo que se farán as adaptacións oportunas.

Respecto aos recursos organizativos, o espazo e o tempo son recursos que os docentes necesitamos manexar para deseñar propostas educativas adecuadas ás necesidades das nosas programacións e, por suposto, do alumnado. Teremos en conta que todo o espazo e o tempo da escola ten carácter educativo e que deberemos planificado e utilizalo coidadosamente para sacarlle todo o partido posible; para iso faremos propostas coa suficiente flexibilidade para conseguir un mellor aproveitamento dos recursos.

En canto aos espazos tamén terán diferentes usos: recuncho do ordenador, biblioteca de aula e paredes para expoñer traballos realizados polo alumnado. Tamén se usaran os corredores para facer exposicións de traballos.

Faremos uso da biblioteca do centro en especial para implementar a aprendizaxe cooperativa.

Utilizaranse materiais que sexan útiles dependendo da proposta didáctica de cada área. Este material será variado e útil para promover aprendizaxes significativas e adaptado ás características de cada grupo e ao tipo de tarefas que imos propoñer segundo o ensino sexa presencial, semipresencial e non presencial.

- ✓ Mensaxería por correo electrónico Gmail e correo corporativo da xunta.
- ✓ Tokapp.
- ✓ Chamada telefónica.
- ✓ Chat de Hangouts.
- ✓ Blog de aula.
- ✓ GoogleClasroom.
- ✓ Muro virtual Padlet.
- ✓ Genially e canva.
- ✓ Wordwall.
- ✓ Liveworksshest.
- ✓ Formularios de google.
- ✓ Documento compartido de Google.
- ✓ Drive.
- ✓ Quizizz.
- ✓ Voky.
- ✓ Kahoot!
- ✓ Story Dice.
- ✓ Educa play.
- ✓ Libros de texto.

- ✓ Libros de consulta.
- ✓ Libros de lectura.
- ✓ Xornal online.
- ✓ Internet: enciclopedias, blogs, webs, xogos interactivos, youtube, mapas, imaxes, etc.
- ✓ Aplicacións online: Tagul, Genially, Didactalia, generadores de códigos QR ...
- ✓ Apps: virtual-T, Kahoot!, Canva, Sky View, Geogebra ...
- ✓ Editores de vídeo e audio.
- ✓ Tablets.
- ✓ Xogos variados online: de escritura creativa, cartas, dominós, bingo, fundir a flota, dados ...
- ✓ Materiais impresos achegados en formato imaxe e pdf polo alumnado, familias ou profesorado.
- ✓ Elementos do contorno natural: sementes, pedras, follas, etc.
- ✓ Material de refugallo.
- ✓ Material funxible: cadernos dos alumnos, carpetas, lapis, rotuladores, gomas, cartolinas, papel continuo, papel pinocho, papel charol, papel de seda, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina, xiz, limpa pipas, filminas, papel calcante, ...
- ✓ Materiais elaborados polo profesorado. (Folletos, guías, instrucións, envases, ...)

En canto a recursos persoais teremos en conta que sexa o menor número de persoas posibles para así manter a estabilidade dos grupos burbulla.

Utilizaremos todos os recursos posibles relacionados coas novas tecnoloxías e que estean ao alcance na aula (tablets, ordenadores, aula virtual, blog de aula, apps educativas ...).

8.2.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Docencia presencial:

Terase especial coidado no cumprimento do establecido nas Instrucións do 30 de xullo de 2020 e nas Instrucións adaptación protocolo Covid19 (31.08.2020).

Cada alumno e alumna terá un pupitre asignado e un lugar diferenciado onde gardar o seu material que non será compartido.

Cando se use material susceptible de ser compartido, como por exemplo os libros da biblioteca de aula, lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans e logo quedará en corentena ata polo menos o día seguinte.

Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que sí se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos, exercicios posturais, dinámicas de aprendizaxe ou gamificación. Preferentemente será o docente o que se desprace pola aula para facer as aclaracións e correccións individuais necesarias para que o alumnado acade as competencias.

Docencia semipresencial:

A docente poñerase en contacto coa familia por teléfono e decidirán a mellor maneira de facerlle chegar fisicamente as tarefas por medio dalgún membro da comunidade escolar. Estas tarefas serán na medida do posible as mesmas que fará o alumnado presencialmente.

Manterase diariamente un feedback das tarefas co alumnado a través do correo electrónico corporativo ou correo Gmail. No caso de non ser suficiente este tipo de comunicación para o desenvolvemento académico do discente, manterase unha ou dúas sesións virtuais semanais empregando a plataforma corporativa Cisco Webex ou conversas telefónicas para solventar calquera problema que poida xurdir.

Docencia non presencial:

A canle de comunicación coas familias e alumnado para impartir docencia e presentar as tarefas, será un blog de aula: <https://conectadixitalmente.blogspot.com>

O alumnado poderá ver no blog un calendario semanal no que se irán subindo diariamente as tarefas encomendadas e as explicacións pertinentes. Unha vez os e as discentes as teñan rematadas no prazo establecido, serán entregadas por diferentes vías segundo a natureza de cada actividade. Unhas terán entrega online, outras mediante arquivos pdf, imaxe, vídeo ou audios ao correo electrónico da mestra.

O alumnado obterá resposta ao seu traballo vía correo electrónico, polo que precisamos da axuda das familias para facerlle chegar as mensaxes.

Manteremos reunións virtuais semanais co alumnado da aula a través da plataforma Cisco Webex . No caso de non dispoñer da cobertura suficiente para que se dea esta situación, empregaremos o teléfono como substituto da reunión virtual.

8.3 Adaptacións metodolóxicas 3º curso

8.3.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

Este ano tendo en conta a situación que se presenta debido ao COVID 19, a metodoloxía de aula variará notablemente con respecto a outros anos.

Na organización do espazo na aula teranse en conta diferentes variables como a iluminación, temperatura, ventilación... Ambas as dúas aulas contan con mesas de traballo individual para o alumnado, mesa do profesor, biblioteca de aula, cortizo, mobles de almacenamento, ordenador, proxector...

Na organización do espazo aula, estarán organizados de xeito individual mantendo as distancias de seguridade pertinentes favorecendo así un correcto distanciamento para o traballo.

Considérase un grupo aula de convivencia estable no que se tentará que cada un utilice o seu material de xeito individual e que compartan o menos posible. A disposición da aula poderá variar en función da progresión da situación actual.

As aulas dispoñen de diferentes recunchos (biblioteca, tic, ecorrecuncho, matemático, creativo, xogo...) con materiais e recursos temáticos e nos que se busca a participación autónoma do alumnado e adaptada as súas inquiredanzas. Recunchos que este ano quedarán inutilizados ou variando a metodoloxía segundo avance o curso. O seu material persoal estará recollido en caixas individuais facilitando así o seu acceso e minimizando os desprazamentos.

A disposición dos docentes, taboleiros, pantallas de proxección e outros espazos... buscan que os estímulos cheguen ao alumnado dende diferentes perspectivas para favorecer a inclusión de todos e todas, independentemente da situación que ocupa o alumno/a.

Dentro da aula haberá unha zona libre destinada para as exposicións orais por parte dos alumnos e alumnas.

As especialidades de Inglés, Plástica, Valores e Música impártense na propia aula para evitar así desprazamentos innecesarios, polo que existe un espazo, dentro da mesma, destinado a gardar o material específico destas áreas, exposición de traballos ou realización das actividades programadas.

A materia de Educación Física e Relixión impártense nun espazo destinado con ese fin.

En actividades conxuntas dos dous grupos de 3º xuntarase alumnado en espazos do centro habilitados ou ó aire libre e mantendo as distancias de seguridade, segundo o tipo de actividade proposta.

Tamén se contemplarán espazos externos ao centro segundo as propostas recibidas (concello, contorna natural próxima, exposicións...).

No tocante á organización temporal ao inicio da xornada, adícase un tempo da primeira sesión coa titora a asemblea e outras rutinas así como a ventilación da aula. No cambio de hora da 1º sesión á 2º sesión adicarase un tempo ao cambio de máscaras e hixienización de mans con hidroxel e outro tempo ao remate da xornada para desbotar ditas máscaras e a súa correspondente desinfección. Asemade haberá un momento de actualización de axendas ao remate da xornada e realizaranse acción titorial segundo necesidades.

8.3.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

En canto a metodoloxía empregada este curso, teranse en conta tres posibilidades segundo a situación que se poida dar:

Docencia Presencial (as clases serán presenciais no centro de forma ordinaria para todo o alumnado).

Docencia Semipresencial (ante a posibilidade de algún alumno/a en cuarentena, levarase a cabo este tipo de docencia intercalando docencia presencial para o alumnado que asiste ao centro coa docencia semipresencial para o alumnado que non asista, a través da Aula Virtual. Manterase un contacto directo coa familia sobre a temática que se está a traballar e da tipoloxía de exercicios que se levan a cabo, a través de distintos medios telemáticos (Aula virtual, enderezo electrónico, teléfono...).

Docencia non presencial (a docencia será impartida a través da Aula Virtual. As tarefas serán subidas á plataforma semanalmente e, deberán ser entregadas diariamente. Reducirase a carga lectiva diaria).

Segundo o plan lector do centro, adicarase un tempo diario dentro do horario á lectura. Na semana darase lugar a un obradoiro de escritura e outro de expresión oral.

Con respecto á materia de plástica que enmárcase dentro dunha sección bilingüe podemos comentar que o enfoque educativo bilingüe baséase na aprendizaxe e ensinanza de contidos curriculares a través dunha lingua distinta á do alumno/a.

A metodoloxía que imos seguir baséase:

- Nunha ensinanza centrada no neno/a.

- Aprendizaxe interactivo e á vez autónomo.
- Proceso de ensinanza-aprendizaxe cooperativo: pretendemos que os nenos e nenas sexan capaces de traballar dun xeito cooperativo, respectando aos compañeiros e valorando o seu propio traballo e o dos demais.
- Unha aprendizaxe na que o eixe principal é a comunicación. A comunicación oral estará presente nesta área tanto no proceso de planificación, dun xeito receptivo; como no proceso de realización, dun xeito produtivo e interactivo.
- Uso de múltiples recursos e materiais.: Tics
- A motivación será tamén un elemento importante na nosa programación, buscando sempre tarefas centradas nos seus intereses e implicándoos na elección dos mesmos.
- Teremos en conta os diferentes rutas e ritmos de aprendizaxe na planificación e deseño das actividades.
- Utilizaremos distintos recursos para mellorar a comunicación, como o uso de flashcards, realia, debuxos, vídeos, powerpoints, etc.

Levaremos a cabo actividades de exposición, que requiren comprensión oral, facendo fincapé nas palabras, frases e estruturas obxecto de estudo, dando logo paso a actividades de produción artística que leven ao alumno/a a interactuar cos compañeiros e co mestre.

8.4 Adaptacións metodolóxicas 4º curso

8.4.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías significativas que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo adaptado á situación sanitaria. A motivación será un pilar fundamental no proceso. Para iso atenderanse aos seus intereses do alumnado e poranse en marcha dinámicas de gamificación. En distintos momentos, e co fin de responder aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, traballaremos distintas actividades manipulativas adaptadas á situación

xerada pola crise sanitaria, motóricas e cognitivas (rutinas de pensamento, método científico...). Ademais, levarase a cabo ao menos un proxecto, co obxectivo de activar o talento de cada alumno e valores como a creatividade, a comunicación, a colaboración e o pensamento crítico, así como o desenvolvemento das competencias clave e a autonomía. Finalmente, a lectura ocupará un lugar prioritario, como eixe vertebrador de calquera área de coñecemento.

Organización de actividades:

1. Carácter individual como pode ser o traballo no caderno, fichas, libro de texto, traballos plásticos...
2. Realizadas en conxunto polo grupo de alumnos: compartir experiencias sobre un tema, debates, ideas previas, posta en común...
3. Traballos grupais: elaboración de murais, exposicións de temas...
4. Traballos cooperativos adaptados

No presente curso, a materia de libre configuración de robótica será reempazada, de forma exepcional, por unha materia de reforzo educativo. Así a todo, a carga lectiva distribúese do seguinte xeito:

CARGA HORARIA SEMANAL POR MATERIAS	
LINGUA GALEGA	4 sesións semanais
LINGUA CASTELÁ	4 sesións semanais
MATEMÁTICAS	4 sesións semanais
CIENCIAS DA NATUREZA	2 sesións semanais
CIENCIAS SOCIAIS	2 sesións semanais
VALORES/RELIXIÓN	1 sesión semanal

PLÁSTICA	1 sesión semanal
MÚSICA	1 sesión semanal
EF	2 sesións semanais
INGLÉS	3 sesións semanais
REFORZO	1 sesión semanal

Respecto aos agrupamentos, os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e deben ter en conta aspectos como o punto de partida dos alumnos ao chegaren ao inicio de cada curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade. Estes son os criterios máis empregados na agrupación de alumnos:

- Idade cronolóxica
- Equilibrio nos grupos entre alumnos e alumnas
- Rendemento académico
- Ritmo de aprendizaxe
- Intereses
- Motivación
- Natureza da área ou da actividade

O agrupamento de alumnos non ten porque limitarse a un único modelo, xa que supón limitar o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son:

- Aula
- Gran grupo
- Pequeno grupo
- Equipos de aprendizaxe cooperativo
- Grupos de actividade

A disposición variará en función das actividades e das necesidades de cada situación de ensinanza-aprendizaxe en concreto, sendo prevaecente a disposición en grupos cooperativos. Porén, no presente curso, cumprirá garantir ao máximo a distancia persoal de seguridade proposta polas autoridades durante a xornada.

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- *Espazos propios do grupo (aula).*

Na organización do espazo na aula teranse en conta diferentes variables como a iluminación, temperatura... Ambas as dúas aulas contan con mesas de traballo individual para o alumnado, mesa do profesor, biblioteca de aula, metacrilato e cortizo, mobles de almacenamento, ordenadores, proxector...

Ben que a disposición das aulas e o equipamento tentan facilitar o traballo cooperativo e colaborativo, sentando o alumnado en grupos de 3, 4 e ata 5, esta disposición poderá variar en función das necesidades sanitarias do momento. O curso 2020-21 comezará, no entanto, cunha disposición individual orientando a todo o alumnado cara á mesma dirección.

No presente curso limitarase a creación dos diferentes recunchos (biblioteca, tic, matemático, creativo, xogo...) con materiais e recursos temáticos e nos que se busca a participación autónoma do alumnado e adaptada as súas inquedanzas, co fin de respectar as medidas hixiénico-sanitarias. Neste senso dispórase dunha mesa COVID co material necesario para manter as medidas (panos desbotables, xel hidroalcolico, produto

desinfectante para superficies, etc.). Ademais tamén se fixarán carteis lembrando as normas de prevención. No chan empregarase sinalética para establecer o senso de circulación.

A disposición dos docentes, taboleiros, pantallas de proxección e outros espazos... buscan que os estímulos cheguen ao alumnado dende diferentes perspectivas para favorecer a inclusión de todos e todas, independentemente da situación que ocupa o alumno/a.

Dentro da aula haberá unha zona libre destinada para as exposicións orais por parte dos alumnos e alumnas.

As especialidades de inglés, plástica e relixión/valores impártense na propia aula, polo que existe un espazo, dentro da mesma, destinado a gardar o material específico destas áreas, exposición de traballos ou realización das actividades programadas. Como medida excepcional, tamén se impartirá a materia de Ed. musical na aula de referencia do grupo.

A materia de Educación en Valores/Relixión, e Educación Física, impartiranse nos espazos destinados con ese fin.

Espazos compartidos polos alumnos.

No presente curso limitarase a coincidencia dos alumnos de cada clase de 4º

Primaria con alumnos de outros cursos e etapas educativas dentro do centro.

Regularase pois o uso espazos, tanto interiores como exteriores:

- Biblioteca
- Laboratorio
- Sala de usos múltiples
- (Aula de música)
- Ximnasio
- Pavillón
- Horta e invernadoiro
- Patio

Tamén quedarán supeditadas ao protocolos vixentes no momento as saídas a espazos externos e a realización de propostas alleas ao centro (concello, contorna natural próxima, teatro, museos, exposicións...).

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, realizamos unha temporalización que inclúe a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario de actividade docente, no que se teñen en conta actividades organizativas do centro.

Ao inicio da xornada, adícase un tempo da primeira sesión coa titora a asemblea e outras rutinas. Asemade haberá un momento de actualización de axendas ao remate da xornada e realizaranse acción titorial segundo necesidades.

Segundo o plan lector do centro, adicarase un tempo diario dentro do horario á lectura.

Semanal ou quincenalmente, segundo as necesidades, darase lugar a un obradoiro de escritura e outro de expresión oral.

Neste curso, deberá contemplarse o tempo destinado á aplicación das medidas hixiénicas (desinfección de superficies, lavado de mans, cambios de mascariñas, realización de ventilacións, organización de entradas e saídas escalonadas, etc.). A organización de distintas quendas para o desfrute do recreo, tamén afectará na impartición de certas materias que verán o seu horario dividido en dous tempos.

Á hora de escoller os recursos educativos diferenciaremos 4 tipos de recursos que os docentes debemos ter en conta e utilizar segundo as necesidades das nosas programacións:

- Recursos materiais
- Recursos persoais
- Recursos TIC

Respecto aos recursos materiais xeralmente, utilizaranse materiais que sexan útiles dependendo da proposta didáctica de cada área. Este material será variado e útil para promover aprendizaxes significativas e adaptado ás características de cada grupo e ao

tipo de tarefas que imos propoñer. Así, escollerase material en función dos seguintes criterios:

- Versatilidade
- Motivación
- Fomento da creatividade
- Atención aos diferentes estilos de aprendizaxe do alumnado
- Fomento do pensamento diverxente
- Adaptación (reforzo, ampliación...)
- Manipulación
- Fomento de STEAM

Os libros de texto utilizaranse como material de apoio e consulta máis, pero non exclusivo. En termos xerais, escolleuse a editorial Anaya para a maior parte das materias e Santillana (matemáticas) e complementáanse con dicionarios (en papel e online), libros de lectura, láminas, fichas, mapas xeográficos, globo terráqueo, material manipulativo (formas xeométricas, cintas métricas, básculas, policubos, calculadora, abacos, regletas...), prensa, reprodución de esqueletos e músculos, xogos didácticos, cámara Hue, microscopio, pizarras individuais, outro material elaborado polo profesorado ou alumnado, materiais impresos (xornais, folletos, carteis...), elementos naturais (cunchas, pedras, follas), material funxible (lapis, témperas, ceras regras, compás, adhesivos, cartolinas, papel continuo...)...

Debido á crise sanitaria, prevalecerase o uso de material individual e reforzarase a desinfección do material que poida puntualmente ser compartido. Tamén se preverán espazos para manter o material en corantena, como no caso dos libros de lectura.

O equipo docente para o cuarto nivel está formado polas dúas titoras, e 6 mestres especialistas (música, inglés, EF, relixión, AL e PT). Neste curso, quedarán suxeitas ás recomendacións sanitarias en vigor as visitas de persoal especializado nas propostas didácticas (contacontos, autores que visiten o centro para animación á lectura, charlas, etc), familias do alumnado, etc. En principio, priorizarase a estanqueidade dos grupos.

As aulas de 4º están dotadas con, mínimo, dous ordenadores e un proxector. Ademais, o centro dispón doutros recursos tics como tabletas, cámaras, kit croma, robots... que están

a disposición do alumnado para as diferentes actividades educativas. Buscarase, polo tanto, a normalización na utilización destes recursos dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste curso cumpren un relevante papel a educación dixital, porén farase sempre seguindo as normas hixiénico-sanitarias.

En canto aos recursos dixitais, cómpre mentar o uso de aulas virtuais, muros interactivos, páxinas web, quizzes online, vídeos, etc.

8.4.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Presencial

Durante a docencia presencial e atendendo a excepcionalidade do presente curso, interpretarase a distribución horaria establecida polo currículo de xeito orientativo. Flexibilizarase ante a necesidade de deterse naqueles estándares que non foron impartidos no curso precedente, así como naquelas carencias curriculares e emocionais que se vaian detectando tras á situación de alerta sanitaria vivida. Por outra banda, en función do ritmo e das necesidades, priorizarase as aprendizaxes máis imprescindibles. Repercutirá ademais no horario lectivo o tempo destinado a implementación das medidas hixiénicas, realización das entradas e saídas escalonadas, realización de recreos na metade dunha sesión, etc.

A modo de rutina, cada mañá comezarase cunha asemblea (acolida, data, análise do tempo meteorolóxico, emocións, novas do día, exposición oral de libros lidos, etc.), seguido das diferentes materias. Tras a excelente aceptación experimentada no ano anterior, continuarase cun proxecto e gamificación, que permitirá incentivar ao alumnado e propiciará tarefas de natureza interdisciplinar e competencial, cuxo fin será reforzar a asimilación das aprendizaxes esenciais e a conexión entre coñecementos. Ademais escolleranse lecturas temáticas (ex. *La vuelta al mundo en 80 días*) para a materia de Lingua Castelá, que servirá, xunto coa ambientación, como fío condutor.

Tal proxecto vencerallase ademais ao tema transversal do curso adicado ás artes no mundo.

Semipresencial

No caso de que algún alumno se vexa sometido á docencia a distancia por corentena e en oposición á presencialidade do resto do grupo, manterase á familia informada da temática que se está a traballar e da tipoloxía de exercicios. Sempre que sexa plataforma, poderán

realizarse unha titoría semanal en horario establecido (martes de 16 a 18 h) para a resolución de dúbidas específicas.

No caso de establecerse alternancia en canto á presencialidade no centro e a creación de subgrupos de traballo. Aproveitarase a presencialidade para explicar e avanzar contidos, mentres que no día non presencial darase prioridade á parte práctica do anteriormente explicado, ou en senso invertido segundo as necesidades do alumnado.

Non presencial

No caso de decretarse o confinamento para o grupo-aula, iniciárase a docencia de forma telemática. Usarase como base a Aula Virtual do centro, á cal nos redireccionará ata muros interactivos, canles de vídeos, quizzes e outros recursos dixitais, que poidan facilitar a docencia a distancia.

Para o alumnado con conectividade, as tarefas presentaranse, preferentemente, de forma semanal para favorecer a anticipación e a organización do estudo por parte do alumnado.

Para o alumnado sen conectividade*, procederase ao envío de tarefas por correo electrónico ao Servizo de impresión e entrega a domicilio de documentos do Concello de Cuntis ou do colexio, no caso de continuar ofertándose.

*Todas as familias confirman ter conectividade, ben sexa mediante conexión WIFI ou conexión datos, ordenador, tableta ou o teléfono móbil da unidade familiar.

As tarefas que non son interactivas serán recollidas para a súa corrección a través das plataformas ou do correo electrónico, segundo se determine. Deberán remitirse ao profesorado de forma diaria para a súa corrección individualizada. Ademais, a resolución de dúbidas apóiase a través de comentarios no muro, chamadas telefónicas, correos electrónicos ou videoconferencias.

A carga lectiva durante períodos de confinamento reducirase ao seguinte esquema:

- Unha materia instrumental (matemáticas ou linguas)
- Unha materia instrumental (diferente á anterior) con proposta interactiva
- Unha especialidade
- As ciencias impartiranse dúas veces por semana, alternándose unha materia cada semana.

Os venres optaranse por dar continuidade ao proxecto con tarefas competenciais e plásticas, e aproveitarase para resolverse calquera tarefa semanal pendente.

Entre as actividades que se porán propoñer, inclúense:

- Actividades do libro de texto.

- Actividades interactivas: libros dixitais e outras plataformas (LiveWorksheet, Quizziz, Genially...)
- Actividades de investigación
- Resolución de problemas, retos e misións (tarefas competenciais interdisciplinares)
- Análise de vídeos ou imaxes
- Expresións escritas
- Comprensión oral e escrita
- Gravación de vídeos/audio
- Participación en foro (comentarios)
- Creación de esquemas, resumos e mapas mentais
- Xogos
- Rutinas de pensamento

As devanditas actividades contextualízanse dentro dun Proxecto interdisciplinar de gamificación de carácter anual,

8.5 Adaptacións metodolóxicas 5º curso

8.5.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma.
- Potenciar a actividade, posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe motivadoras.
- A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- Metodoloxía activa e participativa, facilitando que o alumno poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- O ambiente dentro da aula debe supoñer: respecto, colaboración, participación e espontaneidade.

- Fomentar o espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC, tendo en conta que se trata dun curso E-Dixgal.

No que se refire á organización das diferentes tarefas, exercicios e actividades sinalar que ao longo de cada unidade didáctica levaranse a cabo cinco tipo de actividades:

- Actividades de avaliación de coñecementos previos, para coñecer que é o que o alumnado sabe e poder así partir dos seus coñecementos.
- Actividades de introdución: que nos servirán para presentarlle ao alumnado os contidos a tratar en cada unidade.
- Actividades de desenvolvemento: que son as actividades onde se desenvolverán e traballarán os contidos a tratar en cada unidade.
- Actividades de reforzo/ampliación: este tipo de actividades dependerá das necesidades do alumnado, en función de si precisan ou non reforzar os contidos.
- Actividades de avaliación final: que teñen como obxectivo avaliar se o alumnado acadou os obxectivos propostos para cada unidade.

En canto á organización temporal destas actividades debemos sinalar que tódolos días, e tras as explicacións precisas, propoñeránselle ao alumnado unha serie de actividades que serán realizadas na aula e corrixidas na seguinte sesión; no caso de que algún alumno ou algunha alumna non finalice as actividades propostas deberá realizalas na casa. Do mesmo modo en cada unidade didáctica, e para reforzar os contidos antes da realización da avaliación final, enviaranse unhas actividades de reforzo que o alumnado deberá realizar na casa e que serán corrixidas na aula.

Finalmente, e no que se refire á distribución de tempo e espazo, sinalar que os tempos para a realización de actividades, tarefas, exercicios, probas, etc., estarán adaptados aos ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a. No que se refire ao espazo, e dada a actual alerta sanitaria, a organización espacial do alumnado será de forma individualizada, non obstante tratarase de fomentar o traballo en equipos cooperativos, polo que aproveitaremos que estamos ante un curso no que cada alumno/a conta cun ordenador persoal, o que nos permitirá traballar con ferramentas que fomenten o traballo cooperativo en liña, como pode ser a propia plataforma ou outros recursos como GoogleDocs.

8.5.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Docencia presencial

Está desenvolvida no apartado anterior

Docencia semipresencial

No caso de que un/unha ou máis alumnos/as teñan que permanecer no seu fogar por encontrarse nunha situación de corentena a metodoloxía de traballo con este alumnado será a seguinte:

- Intentarase seguir o mesmo ritmo de traballo que na aula pero adaptándoo á situación do alumno ou da alumna. Para iso, diariamente, propoñeráselle ao alumnado tarefas que irán acompañadas da súa correspondente explicación (mediante esquema, vídeo-tutorial, documento escrito, libro dixital, etc.).
- Farase unha adaptación do horario, tendo sempre en consideración, o recollido no currículo da educación primaria sobre o horario lectivo semanal do alumnado. Este horario será comunicado tanto ao alumno/a como a súa familia.
- Traballáranse tódolos días tres materias: dúas áreas troncais (ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua castelá e literatura, matemáticas ou primeira lingua estranxeira) e unha específica (educación física, educación artística ou relixión/valores sociais e cívicos) ou a de libre configuración autonómica (lingua galega e literatura).
- A metodoloxía de traballo en todas as áreas será similar, para que o alumnado teña máis claro que é o que debe facer en todo momento. Tódolos días, e en función do horario, enviaráselle tarefas, actividades ou exercicios. O alumnado terá un tempo limitado para a súa realización (tempo que será comunicado no momento no que se envíe o traballo que debe realizar). Antes de finalizar este tempo o alumno/a debe subir o traballo no espazo habilitado na aula virtual, en caso de non poder facelo tamén poderá enviálo ao correo electrónico que se lle facilitará; no caso das tarefas online ou interactivas non fará falla subir nada posto que, a súa realización xa queda rexistrada na propia plataforma.
- Ao igual que na aula ordinaria realizaranse con este alumnado tarefas, actividades ou exercicios de introdución, desenvolvemento, reforzo/ampliación e avaliación. O tipo de actividades variará dependendo da materia e dos contidos a desenvolver, estas poderán ir dende a realización de exercicios interactivos ata a gravación de audios, isto tamén será aplicable ás actividades de avaliación. No caso de que se deba realizar algunha proba escrita, esta farase de maneira telemática (creando un

cuestionario ou unha proba dentro da propia aula virtual), esta proba será o máis similar posible á que se lle realizará ao resto de alumnado na aula.

- Levarse un rexistro exhaustivo do traballo realizado polo alumnado. No caso de que un/unha alumno/a non realice de forma reiterada as actividades ou exercicios encomendados o profesorado poñeráse en contacto coa familia e, de no existir xustificación algunha (pois hai que ter en conta a situación excepcional), tomaranse as decisións oportunas, tendo en conta que a avaliación do alumnado inclúe a valoración do seu traballo diario.

Docencia a distancia

No caso de que tanto o alumnado como o profesorado teña que permanecer no seu fogar a metodoloxía de traballo será moi similar á descrita no apartado anterior.

- Intentarase seguir o mesmo ritmo de traballo establecido tanto na programación didáctica como na programación de aula. Para iso, diariamente, propoñeráselle ao alumnado tarefas que irán acompañadas da súa correspondente explicación (mediante esquema, vídeo-tutorial, documento escrito, libro dixital, etc.).
- Farase unha adaptación do horario, tendo sempre en consideración, o recollido no currículo da educación primaria sobre o horario lectivo semanal do alumnado. Este horario será comunicado tanto ao alumno/a como a súa familia. A tal efecto, este horario será colgado tanto na páxina web do centro como dentro da propio entorno virtual de aprendizaxe (EVA).
- Traballáranse tódolos días tres materias: dúas áreas troncais (ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua castelá e literatura, matemáticas ou primeira lingua estranxeira) e unha específica (educación física, educación artística ou relixión/valores sociais e cívicos) ou a de libre configuración autonómica (lingua galega e literatura).
- A metodoloxía de traballo en todas as áreas será similar, para que o alumnado teña máis claro que é o que debe facer en todo momento. Tódolos días, e en función do horario, enviaráselle tarefas, actividades ou exercicios. O alumnado terá un tempo limitado para a súa realización (tempo que será comunicado no momento no que se envíe o traballo que debe realizar). Antes de finalizar este tempo o alumno/a debe subir o traballo no espazo habilitado na aula virtual, en caso de non poder facelo tamén poderá enviálo ao correo electrónico que se lle facilitará; no caso das tarefas online ou interactivas non fará falla subir nada posto que, a súa realización xa queda rexistrada na propia plataforma.



- Realizaranse con este alumnado tarefas, actividades ou exercicios de introdución, desenvolvemento, reforzo/ampliación e avaliación. O tipo de actividades variará dependendo da materia e dos contidos a desenvolver, estas poderán ir dende a realización de exercicios interactivos ata a gravación de audios, isto tamén será aplicable ás actividades de avaliación.
- No caso de que se deba realizar algunha proba escrita, esta farase de maneira telemática (creando un cuestionario ou unha proba dentro da propia aula virtual). O tempo para a súa realización será limitado dende que o alumno ou a alumna acceda á proba, non obstante a proba estará visible durante todo o día para que o alumnado poida realizala cando o considere máis oportuno.
- Levarse un rexistro exhaustivo do traballo realizado polo alumnado. No caso de que un/unha alumno/a non realice de forma reiterada as actividades ou exercicios encomendados o profesorado poñerase en contacto coa familia e, de no existir xustificación algunha, tomaranse as decisións oportunas, tendo en conta que a avaliación do alumnado inclúe a valoración do seu traballo diario.
- Finalmente, e no que respecta á avaliación, adaptaranse os criterios de cualificación; esta adaptación será comunicada tanto ao alumnado como ás familias e guiarase polos seguintes principios:
 - 60% da cualificación calcularase tendo en conta o traballo do alumnado, seguindo para tal fin os seguintes criterios:
 - Traballo persoal diario do alumnado, onde se terá en conta a entrega en prazo das distintas actividades, tarefas ou exercicios.
 - Presentación do traballo realizado, tendo en consideración o formato no que se deba realizar (presentación diapositivas, vídeo, foto, documento de texto, esquema, etc.)
 - Concreción e corrección, tamén se terá en conta que o alumnado realice as diferentes tarefas seguindo os criterios establecidos; do mesmo modo tamén se valorará que o alumnado realice as correccións e/ou modificacións que lle sexan solicitadas.
 - 40% da cualificación calcularase tendo en conta as cualificacións acadas nas diferentes probas.

8.6 Adaptacións metodolóxicas 6º curso

8.6.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

Tendo en conta as peculiaridades do presente curso por mor do Convid-19 os agrupamentos e os traballos en grupo realizaranse doutro xeito, de tal forma que poidamos seguir traballando en grupo pero mantendo as distancias de seguridade.

Os criterios de distribución do alumnado por aula son moi diversos e deben ter en conta as características de cada alumno, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade. Estes son os criterios máis empregados na agrupación de alumnos:

- Equilibrio nos grupos entre alumnos e alumnas.
- Ritmo de aprendizaxe.
- Intereses.
- Motivación.
- Natureza da área ou da actividade.
- Grupos cooperativos.

Respecto á organización dos espazos:

- *Espazos propios da aula.*
- *Espazos compartidos:*
 - Biblioteca.
 - Laboratorio.
 - Corredores e escaleiras.
 - Sala de usos múltiples.

Por unha banda realizamos unha temporalización que inclúe a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas e materias. Pola outra

flexibilizaremos dito horario xeral en moitas ocasións para poder levar a cabo as actividades organizativas comúns do centro e tamén para atender as diferentes características dos alumnos.

Respecto aos recursos materiais utilizados son: mobles, librería, mesas individuais, cadeiras alumnado, PDI, pizarra branca, ordenador, ordenadores Edixgal, metacrilato nas paredes interiores da aula, azulexos do exterior da aula para expoñer o material informativo relevante e os produtos do traballo do alumnado.

O material que usará o alumnado para o traballo diario na aula:

- Ordenador Edixgal.
- Proxector.
- Pizarra dixital.
- Libros de lectura.
- Internet: enciclopedias, blogs, webs, xogos interactivos, youtube, mapas, imaxes, etc.
- Aplicacións online: Tagul, Genially, Didactalia, generadores de códigos QR ...
- Apps: vritual-T, Kahoot!, Canva, Sky View, Geogebra ...
- Editores de vídeo e audio.
- Pizarra Veleda.
- Materiais impresos achegados polo alumnado, familias ou profesorado.
- Elementos do contorno natural: sementes, pedras, follas, etc.
- Material de refugallo.
- Material funxible: cadernos dos alumnos, carpetas, lapis, rotuladores, gomas, cartolinas, papel continuo, papel pinocho, papel charol, papel de seda, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina, xiz, limpa pipas, filminas, papel calcante, ...
- Materiais elaborados polo profesorado. (Folletos, guías, instrucións, envases, ...)

8.6.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Ensinanza presencial:

No caso do ensino presencial seguiranse as indicacións metodolóxicas do apartado anterior.

Ensinanza semipresencial:

Neste caso todo o traballo realizado na aula subirase en directo á plataforma Edixgal, de tal xeito que diariamente se subirán as tarefas que a alumnado ten que realizar, así como o material necesario para realizalo. Ao día seguinte subiranse as tarefas corrixiadas para

que o alumnado que este a traballar dende a casa poida revisar as súas tarefas. Unha vez corrixidas o alumno/a deberá entregar as tarefas ao profesor.

Ensinanza non presencial:

Neste caso o traballo diario dividirase en: unha materia troncal, unha materia non troncal e unha especialidade, en función do horario xeral de clase. Primeiramente as explicacións da materia a tratar faranse empregando vídeos, audicións, imaxes... creadas polo propio mestre/a ou empregando outros recursos de Edixgal ou da rede.

Cada día subiranse as tarefas que hai que realizar e a corrección das tarefas do día anterior. Unha vez corrixidas as tarefas o alumno deberá envialas ao profesor.

8.7 Adaptacións metodolóxicas área de lingua estranxeira

8.7.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

Respecto aos **1º, 2º e 3º curso**, a metodoloxía debe planificarse dende un enfoque globalizador, establecendo relacións entre as diversas áreas curriculares para entre todas poder contribuír a desenrolar as capacidades dos alumnos/as.

Un dos aspectos metodolóxicos fundamentais no ensino da lingua inglesa é a **MOTIVACIÓN**. Cuns estímulos axeitados conseguiremos que o alumno/a chegue a asimilar a nova lingua dunha forma natural escoitando e practicando esta lingua o maior tempo posible en situacións concretas de comunicación.

As actividades deben reunir certas características:

- Ser variadas e estar contextualizadas
- Ser axeitadas ó momento de madurez e desenvolto persoal dos alumnos.
- Partir dos coñecementos previos dos alumnos e responder ós seus intereses
- Fomentar valores de participación, tolerancia, respecto, autoestima.
- Atender á diversidade do alumnado.
- Propiciar a aprendizaxe autónoma.
- Favorecer a comunicación.

Por todo o dito usarase unha metodoloxía moi activa, flexible e adaptable a cada circunstancia que se produza ó longo do curso dando prioridade a todas as situacións de comunicación significativas, animando e fomentando a participación de tódolos alumnos/as da aula tanto no traballo individual coma en parellas ou grupos.

Nas sesións de aula seguimos o libro de texto, facemos actividades de escoitar e seguir a lectura da historieta, escoitar e falar, escoitar e cantar, escoitar e comprender, escoitar e

relacionar ou pintar, escoitar e escribir así como responder a preguntas feitas polo profesor ou outros alumnos.

Lectura da historieta en voz alta e individual, a veces dramatizando o texto de xeito dialogado. Lectura silenciosa de contos, da biblioteca ou propios, en inglés durante o proxecto lector.

Aprendemos e traballamos co vocabulario dado e coas novas palabras e estruturas que imos adquirindo.

Realízanse tódalas actividades do Activity Book , as de autoavaliación e outras propostas polo profesor para ampliación ou reforzo do tema a tratar. Tamén se fan diferentes probas ou tests avaliativos.

Na aula de informática traballamos co encerado dixital e os ordenadores. Usamos diferentes CD-ROMs interactivos, diversas páxinas web axeitadas ó nivel. Tamén empezamos co manexo de Internet para buscar información, escoitar cancións, ver xogos novos e tamén para facer documentos escritos, inxerir imaxes.

Nestes cursos os materias utilizados serán os seguintes:

- Libros de texto e Activity Book oxford rooftops
- Activity Book
- CD de cancións e das historietas de cada unidade do libro.
- DVD e diverso material de cada unidade para traballar no encerado dixital.
- Fichas de ampliación e de repaso e de temas interdisciplinares
- Contos e historietas da biblioteca para ser lidos polo profesor.
- Diversos DVDs : Muzzy 1, Wizadora 1,2 Winnie the witch, Three Billy Goats, Adventures with Gogo, Fun Song Factory .. e outros buscados en YOUTUBE.

Respecto ao **4º, 5º e 6º curso**, no artigo 15 do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* establécese que nesta etapa se poñerá especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A práctica docente basearase nos principios metodolóxicos seguintes:

- Facer fincapé na diversidade do alumnado, na prevención de dificultade na aprendizaxe e nos mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten grazas á posibilidade que proporciona a traballar baixo o paraugas da aprendizaxe cooperativa.

- A metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e orientada á consecución dos obxectivos e das competencias clave.
- Prestar atención ao desenvolvemento de metodoloxías que faciliten a integración dos elementos do currículo a través da realización de tarefas e actividades relacionadas con contextos da vida real.
- As actividades e tarefas deseñadas reforzarán a comunicación auténtica na aula, proporcionándolle ao alumnado contextos reais ou simulados que favorezas a interacción oral.
- Atender aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, estimulando a habilidade de aprender dun xeito autónomo e alentando o trabalo cooperativo.
- O proceso ensino-aprendizaxe centrarase no alumnado e nas súas necesidades de aprendizaxe, dándolle prioridade ao enfoque comunicativo e poñendo en valor o traballo cooperativo a través de proxectos e traballos de investigación.
- Traballarase as catro destrezas (escoitar falar, ler e escribir) dun xeito integrado xunto coa gramática, vocabulario e pronuncia. Isto permite máis traballo de aula centrado nas tarefas, conseguindo que a aprendizaxe sexa significativa para o alumnado ao empregar a lingua en contextos concretos.
- Promoverase a expresión oral de ideas opinións descrições e saúdos como algo normal na aula. Daráselle moita importancia á interacción, pois ten un papel preponderante na comunicación.
- Fomentarase a autoavaliación e a avaliación entre iguais.
- Usaranse as TIC baixo a supervisión necesaria de tal xeito que lle proporcione ao alumnado os recursos necesarios para facilitar o proceso de aprendizaxe.
- O alumnado necesita facer a conexión entre as novas aprendizaxes e os coñecementos previos. Así, fomentarase a independencia progresiva na toma de decisións, aprendizaxe autónoma e na busca selectiva de información.
- Tanto o alumnado coma min usaremos a lingua inglesa na clase ao falarmos entre nós. A lingua galega ou a española usaranse cando se entenda que supón un atallo fronte a unha explicación longa.

Para facerlles fronte a estes desafíos de mellora do proceso de aprendizaxe faise necesaria a aplicación dunha serie de estratexias que se terán en conta á hora de levar a cabo a súa práctica. A saber:

- O obxectivo final é a comunicación.
- A aprendizaxe constrúese partindo dos coñecementos previos do alumnado (aprendizaxe significativa e Scaffolding).
- As actividades de reforzo serán moeda de uso común.
- A iniciativa será sempre do alumnado, a quen se lle dará a oportunidade de se expresaren grazas ao desenvolvemento das actividades.
- Usarase un soporte de reforzo visual en calquera das súas formas para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Farase un uso das TIC importante, xa que son de utilidade variada e a base de moitas estratexias educativas.

Así pois as técnicas metodolóxicas que se usarán xirarán arredor do enfoque comunicativo, que será o esqueleto do que pendurará todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Xunto coa “aprendizaxe por descubrimento”, a través da que se procura que aquilo que aprende un mesmo fai que esa aprendizaxe estea máis presente cando sexa necesaria para resolver un problema.

Esta praxe fomentará a aprendizaxe indutiva e potenciará a implicación activa, a motivación, a autonomía, a responsabilidade e a independencia desembocando na creatividade e na adquisición de destrezas de resolución de problemas, ideas todas moi conectadas coa aprendizaxe cooperativa.

O papel do docente, o meu, non será nunca estático; por momentos serei o facilitador e modelo alimentando a autonomía do alumnado e proporcionándolles exemplos dos resultados que se esperan deles; noutros momentos limitareime a participar ou a organizar e asesorar de tal xeito que os estros corrixiranse dun xeito construtivo proporcionando un feedback axeitado sen resaltar o que se fixo mal, senón insistindo no resultado correcto facendo fincapé no que se fixo correctamente.

Para levar a cabo estas técnicas metodolóxicas secuenciarei as actividades como segue:

- 1 Actividades de “quecemento/preparación”: con vídeos, sons, imaxes, preguntas, contos, ou pequenas interaccións que fagan pensar.
- 2 Actividades de práctica: xogos de mesa, traballar con textos escritos, actividades de investigación, actividades TIC, crear o seu material propio, intercambios orais e escritos de información.
- 3 Actividades comunicativas: debates, presentacións, elaboración de carteis, actividades de autoavaliación, gravación de vídeos, podcasts, actividades TIC.
- 4 Actividades de avaliación e de feedback: respostas de verdadeiro ou falso sobre unha imaxe ou texto; actividades manipulativas visuais.

En resumidas contas, usarase unha metodoloxía ecléctica na que o alumnado será o centro do proceso de ensino-aprendizaxe cun enfoque comunicativo, activo e participativo que respecta os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, individualizando o proceso sendo a diversidade do alumnado.

En 4º curso utilizarase o seguinte material:

- Libro do alumno. (Class book)
- Libro de actividades. (Activity book)
- Libro de lecturas (Phonics Reader)
- Ipack: Material dixitalizado (class book e activity book con todo o material de audio e vídeo asociado)
- Flashcards (tarxetas ilustradas)
- Ordenador portátil
- Canón de proxección
- Encerado dixital interactivo ou encerado branco utilizado para proxectar.

Nos cursos Edixgal (5º e 6º de EP) os materiais e recursos serán os seguintes:

- Material E-dixgal
- Ordenador portátil
- Canón de proxección
- Encerado dixital interactivo ou encerado branco utilizado para proxectar.

8.7.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Docencia presencial

Seguirase o pautado neste documento programático utilizando os recursos materiais e humanos que se dispoñen.

Docencia semipresencial

No **1º, 2º e 3º curso** no caso de corentena manterase informadas as familias da temática que se está a traballar.

No **4º curso**, no caso de corentena manterase informada á familia da temática que se está a traballar, así como da tipoloxía exercicios ou actividades propostas. De seren necesarias aclaracións, atenderanse de 17:00 a 18:00 horas os martes por videoconferencia, sempre que non haxa reunións de órganos de coordinación docente.

O material de traballo consistirá en fichas de traballo e audicións que serán realizadas polo alumnado, previamente formuladas como tarefas na Aula Virtual ou plataforma elixida pola persoa titora.

Tanto as fichas de traballo como as gravacións de audio por parte do alumnado serán remitidas a través da Aula Virtual ou plataforma elixida pola persoa titora como ficheiros adxuntos ás tarefas propostas.

En **5º e 6º curso** o material de traballo consistirá en fichas de traballo e audicións que serán realizadas polo alumnado, previamente formuladas como tarefas no portal E-dixgal.

Tanto as fichas de traballo como as gravacións de audio por parte do alumnado serán remitidas a través do portal E-Dixgal como ficheiros adxuntos ás tarefas propostas.

Docencia non presencial

En **1º, 2º e 3º curso**, debido á situación covid, serán enviadas tarefas semanalmente polo tokapp , polo symbaloo , e a aula virtual.

O material de traballo consistirá en fichas de traballo e audicións que serán realizadas polo alumnado, previamente formuladas como tarefas no portal E-dixgal (**5º e 6º curso**) e na Aula Virtual ou plataforma elixida pola persoa titora, no caso de alumnado de **4º curso**.

O traballo a realizar contará con indicacións precisas para a súa realización, que, puntualmente, poderían ser aclaradas por vía telefónica ou mediante vídeoconferencia (Cisco Webex Meetings).

Tanto as fichas de traballo como as gravacións de audio por parte do alumnado serán remitidas a través do portal E-Dixgal, en cursos E-dixgal, e a través na Aula Virtual ou plataforma elixida pola persoa titora, en 4º curso, como ficheiros adxuntos ás tarefas propostas.

Propoñerase traballo para levar a cabo en dúas sesións semanais.

8.8 Adaptacións metodolóxicas área de educación física.

8.8.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

Debido á situación excepcional que estamos vivindo adoptaremos unha serie de precaucións nas sesións de Educación Física:

- Antes de comenazar a sesión, os/s alumnos/as lavarán as mans con auga e xabón alomenos 40 segundos ou, de non ser posible, 20 segundos cunha solución hidroalcolica.
- A entrada será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Evitarase a formación de aglomeracións.
- Como docentes, utilizaremos a máscara continuamente, non so pola súa función de protección, senón tamén polo seu carácter exemplificador.
- Os alumnos/as tamén levarán máscara, salvo que a actividade se realice no exterior, de xeito individual, a máis de 2 metros e que o seu uso resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Ao remate da sesión o alumnado cambiarán a súa mascara por outra limpa.
- Na medida do posible minimizarase o uso de materiais, que teñan que ser manipulados por varios alumnos/as, limpándoos e desinfectándoos despois do seu uso ou ben deixándoo en corentena de 24 horas. Tomaranse precaucións, lavando as mans ao terminar a clase.
- Non se usarán os vestiarios, senón que o alumnado procederá a mudar o calzado nun espazo individual marcado no ximnasio. Cando se faga uso do pavillón a mudanza do calzado realizarase na grada.

Respecto aos espazos tomaranse as seguintes decisións:

- Sinalización de zonas (traballo individual, zonas de cambio, circulación...) respectando distancias.
- Ventilación do ximnasio ao remate de cada clase.
- Aproveitamento dos espazos ao ar libre (patio, contorna..) sempre que a meteoroloxía o permita.
- O aforo máximo dos aseos será dun alumno ou alumna.

Falando do uso de material, no primeiro trimestre centrarémonos no uso correcto do material incidindo en minimizar o uso compartido do mesmo. No 2º e 3º trimestre, se as

condicións da pandemia melloran, faremos un uso menos restritivo do material compartido. Habilitaranse sendas zona/caixa de corentena/desinfección de material no pavillón polideportivo e no ximnasio.

Outra aspecto que debemos ter moi en conta son os desprazamentos, estes estarán supervisados para garantir o mantemento da distancia de seguridade

Para organizar os diferentes agrupamentos, basearémonos nas seguintes premisas:

- Priorizárase o traballo individual ou ben aquel traballo en parellas ou grupos nos que se podan manter distancias e evitar o contacto físico.
- Para a realización de certas actividades e xogos, o alumnado pode saír do seu espazo individual pero o contacto físico ten que ser mínimo. Faranse grupos estables de xogo respectando os establecidos nas titorías. Cada grupo estable de xogo permanecerá no seu espazo mentres a mestra non autorice o contrario, mantendo en todo momento a distancia interpersonal de 1,5 m entre os seus membros.
- Ao finalizar cada sesión dentro de cada grupo estable de xogo establececese unha rotación semanal para que algún dos seus membros colabore coa desinfección e a recollida e material.

8.8.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Docencia presencial

Tentarase crear unhas rutinas de traballo autónomo e seguro en relación coa actividade física, para que no caso de que se produza un período de corentena ou un novo confinamento, o alumnado teña as ferramentas básicas para poder desenvolver as tarefas propostas dende a área de EF.

Fomentaranse as actividades no medio natural ou espazos exteriores, aproveitando os recursos do entorno para o desenvolvemento das diferentes capacidades.

Docencia semipresencial

No caso de que algún alumno ou alumna non poida asistir ao centro por estar en corentena, traballaranse os contidos desenvolvidos nas clases presenciais. O traballo terá un enfoque principalmente teórico (vídeos explicativos, fichas...). As tarefas serán subidas a plataforma (aula virtual, blog, paddlet...) da titoría a que pertence o alumnado, semanalmente. Poderse propor tamén algún tipo de actividade física ou rutina, centrada

no mantemento da condición física e/ou desenvolvemento de habilidades, para que o alumando confinado continúe tendo un estilo de vida activo e saudable.

Docencia non presencial

No caso de producirse un novo confinamento, darase prioridade os contidos prácticos. Fomentando a actividade física diaria de xeito saudable a través de sinxelas tarefas centradas principalmente no mantemento da condición física e o desenvolvemento das habilidades motrices, para garantir que alumnado confinado continúe tendo un estilo de vida activo e saudable. As propostas (vídeos, retos, baterías de exercicios, xogos...) subiranse á plataforma (aula virtual, blog, paddlet...) da titoría a que pertence o alumnado e serán revisadas semanalmente.

8.9 Adaptacións metodolóxicas área de música.

8.9.1 Concrecións metodolóxicas: agrupamento, espazos, tempos, materiais e recursos.

A música está presente nas nosas vidas, e forma parte do desenvolvemento artístico do alumnado de primaria xunto coa plástica. O propósito principal será o de favorecer a percepción e a expresión musical, intentando espertar o interese pola música en xeral. As sesións serán participativas, de xeito que o alumnado poida continuar a súa aprendizaxe da forma máis dinámica e significativa para eles.

Levaranse a cabo actividades o máis variadas posibles, coa finalidade de permitir que todo o alumnado poida gozar e avanzar no seu desenvolvemento persoal. Estas actividades están baseadas nos bloques de contidos, e levaranse a cabo tendo como referencia o protocolo COVID-19 para este curso escolar 2020-2021. Estas son:

- Audición: dos sons do ámbito, posibilidades sonoras dos materiais e obxectos do contexto, audicións activas de manifestacións musicais de distintas orixes e traballo sobre o respecto no proceso da audición.
- Interpretación musical: creación de produtos musicais usando diferentes técnicas compositivas; traballo colaborativo respectando e valorando tódalas aportacións; aprendizaxe da notación musical convencional e non convencional, empregando distintas metodoloxías musicais (C. Orff, J. Wuytack, Z. Kodaly e J. Dalcroze).
- Movemento e danza: levaranse a cabo pequenas coreografías (sen contacto e separados tendo en conta a distancia de seguridade), desenvolvemento da creatividade e expresividade do alumnado, coordinación de movementos coa música e cos compañeiros.

- Debido a esta situación, neste curso non faremos uso da fruta doce dentro do centro escolar. O alumnado de 4º, 5º e 6º de EP, que xa dispón do instrumento e que traballaron con el en cursos anteriores, poderán reforzar o repaso de cancións e/ou aprendizaxe doutras novas practicando na casa co apoio de vídeos e audicións gravadas.
- Farase especial fincapé no uso das TIC para a realización de tarefas, busca de información bibliográfica en internet ou uso de aplicacións musicais de distinta complexidade segundo o curso.

Para a realización das diferentes actividades o alumnado agruparase individualmente ou en pequenos grupos sempre que sexa posible, e que se poida garantir a súa seguridade. Durante este curso, as clases de música do alumnado de Educación Primaria realizaranse na aula ordinaria, polo que non habería desprazamento do alumnado, tal e como se recomenda no protocolo COVID 19.

Excepcionalmente, usaremos a aula de música para poder realizar actividades e prácticas co instrumental Orff do que dispón o noso centro. Para isto realizarase un horario garantindo a boa desinfección da aula e do instrumental empregado, seguindo así tódalas recomendacións recollidas no protocolo.

No caso das actividades de movemento, levaranse a cabo no exterior, sempre que a climatoloxía e a organización do centro o permita.

Os recursos cos que se conta podemos dividilos en recursos materiais e ambientais.

Entre os recursos materiais cóntase con:

- Material funxible de uso escolar.
- Instrumentos musicais: percusión (de madeira, metal e parche), de corda (piano, violín, guitarras), instrumentos naturais (cunchas, paus) e instrumentos creados polo propio alumnado (con materiais de refugallo).
- Material adaptado para traballar a linguaxe musical (partituras, fichas,...)
- Ordenador de aula e proxector.
- Caderno de música para traballar conceptos de teoría musical.
- Ordenador, reprodutor de CD, PDI, cámaras, micros,

Entre os recursos ambientais cóntase coa aula ordinaria, ademais de outros espazos que se utilizarán puntualmente en algunha actividades, como son a aula de música, o pavillón, o patio ou o salón de actos.

8.9.2 Situación Covid (ensino presencial, semipresencial e non presencial)

Ensino presencial

No caso do desenvolvemento da programación nun **ensino presencial**, levarase a cabo en tódolos cursos a metodoloxía xa citada no apartado 7.1.

Ensino semipresencial

Combinaranse actividades presenciais na aula con actividades interactivas. No caso dun ou varios alumnos confinados, informarase a este alumnado dos contidos traballados e das tarefas a realizar, achegando as mesmas a través das plataformas ou das ferramentas indicadas polos titores de cada nivel educativo. As dúbidas serán resoltas no horario de atención a pais (martes pola tarde de 16:00 a 17:00 h) a través do correo electrónico, atención telefónica ou videoconferencia.

Ensino a distancia

A metodoloxía de traballo que se seguirá no caso dun **ensino a distancia** seguirá a ser construtivista e globalizada, polo que partirá dos coñecementos previos do alumnado, propoñéndolle pequenos retos e actividades que permitan inferir novos contidos a partir do que xa coñecen. Deste xeito, adquirirán aprendizaxes significativas e proporcionaralles unha maior motivación de cara ao traballo na casa.

Durante a **actividade lectiva semipresencial e a distancia**, a comunicación coas familias farase a través de distintos medios en función das necesidades que se presente, polo que empregaremos: Abalar Móbil, Tokapp, correos electrónicos, videoconferencias, chamadas telefónicas e/ou a páxina web do centro.

Así mesmo, para levar a cabo as actividades lectivas co alumnado traballarase coas seguintes ferramentas:

- En 1º e 2º de EP a través dos seus respectivos *blogues* sitos na páxina web do centro.
- En 3º de EP a través da *aula virtual* do centro.
- En 4º de EP utilizarase a plataforma “*padlet*”.
- E en 5º e 6º de EP a atención ao alumnado realizarase mediante a aula virtual de *Edixgal*.

Ademais proporcionaranse diferentes recursos en papel para aquelas familias que tiveran problemas de conexión ou de acceso a internet.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AS MEDIDAS PARA AFRONTAR OS PROBLEMAS DE APRENDIZAXE

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para mellora da calidade educativa establece no preámbulo IV que o sistema educativo debe posibilitar tanto a aprendizaxe de cousas distintas como a ensinanza de maneira diferente, para poder satisfacer a uns alumnos e alumnas, que foron cambiando coa sociedade. Unha sociedade máis aberta, global e participativa demanda novos perfís de cidadáns e traballadores, de igual maneira que esixe maneiras alternativas de organización e xestión nas que se primen a colaboración e o traballo en equipo. As habilidades cognitivas, sendo imprescindibles, non son suficientes; faise preciso adquirir desde idades temperás competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio. Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe.

A potenciación da aprendizaxe por competencias, ao formar esta parte do currículo, supón un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas e o proceso de ensino e aprendizaxe das competencias debe abordarse de xeito interdisciplinar desde todas as áreas.

Asimesmo no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recoñécese que é necesario establecer as condicións que permitan cambios metodolóxicos que fagan posible acadar as finalidades que pretende a LOMCE.

Neste sentido o noso centro leva inmerso varios cursos poñendo en práctica o programa Cooperar para Aprender, Aprender a Cooperar que incide directamente, na liña de Atención á diversidade e cambio metodolóxicos asociados. Un número importante do profesorado das tres etapas foise facendo consciente da dificultade de atender á diversidade do alumnado cunha organización individual na aula, onde o método expositivo por parte do docente dificulta, penaliza ou impide que xurdan na aula interaccións entre alumnado que son capaces de xerar novas aprendizaxes. Este ano, coa nova situación de pandemia, tomaranse as medidas necesarias para evitar risco de contaxio e se habilitou na biblioteca 24 postos para potenciar este tipo de traballo. A distribución das mesas permite o traballo neste tipo de dinámicas, separando ao alumnado mediante mámparas.

Este programa que pretende que ademais das estruturas da actividade que xa se viñan dando no centro, a individualista (onde cada estudante traballa só, sen fixarse no que fan os demais; espérase del que aprenda o que o profesorado ensina; consegue este obxectivo independentemente de que os demais tamén o consigan) e a competitiva (onde cada estudante traballa só, rivalizando cos seus compañeiros; espérase del que aprenda, máis que os demais, ou antes que ninguén, o que o profesorado lle ensina; consegue este obxectivo só no caso de que os demais non o consigan); se lle dea tamén unha grande importancia ao traballo en equipo onde a través da estrutura da actividade cooperativa “os estudantes forman pequenos equipos de traballo, para axudarse e animarse á hora de aprender, espérase de cada estudante que aprenda o que se lle ensina e que contribúa a que o aprendan os seus compañeiros e consegue este obxectivo só se os demais tamén o conseguen”.

Esta metodoloxía facilita necesariamente o desenvolvemento das competencias básicas, xa que algunhas competencias non poden desenvolverse propiamente nunha estrutura individualista ou competitiva como é o caso dalgunhas competencias comunicativas: expresar, argumentar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos; escoitar ideas alleas; aceptar e realizar críticas construtivas; colocarse no lugar do outro de forma empática; respectar opinións distintas ás propias con sensibilidade e espírito crítico;... e algunhas competencias sociais: como practicar o diálogo e a negociación para resolver conflitos; traballar en equipo aportando o que un sabe xunto ao que saben os demais para resolver xuntos problemas comúns;...

Abarca tres ámbitos de intervención: a cohesión do grupo (a través da implementación de dinámicas por parte dos titores e/ou mestres especialistas en cada trimestre), o traballo en equipo como recurso (incorpóranse as estruturas cooperativas básicas – lectura compartida, 1/2/4, folio xiratorio, parada de 3 minutos, lápiz ao centro e xogo das palabras- ao desenvolvemento das unidades didácticas das diferentes materias) e o traballo en equipo como contido (ensínase a traballar en equipo organizando os pasos para constituír os equipos, deseñando o plan de equipo a través da distribución dos cargos e a definición dos compromisos persoais para finalmente avaliar o traballo en equipo a través dos diarios de sesións e o peche do plan de equipo).

Despois de participar durante tres anos no programa SEMGAL, continuaremos aplicando o método SEM baseado no traballo por proxectos, na inclusión educativa e na atención à diversidade.

Ademais de experiencias pasadas o noso PFPP do centro céntrase en tres liñas, que van axudar a á atención á diversidade como son:

- Unha liña Edixgal / Tics que vai permitir accións máis individualizadas e atender dun xeito máis significativo á diversidade que presenta un centro das nosas características, sobre todo na situación excepcional que estamos a vivir.
- Outra liña que se centra na aprendizaxe das matemáticas desde un enfoque metodolóxico diferente, centrado na manipulación e na experimentación a través de diferentes materiais.
- Por último, crearemos un grupo de traballo que terá como obxecto o desenvolvemento dunha liña centrada na robótica, para recibir formación e afrontar o novos retos que supón esta situación de pandemia.

Consideramos que a incorporación paulatina destas metodoloxías e liñas de actuación permite dar cumprimento aos principios metodolóxicos que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ao permitir o máximo desenvolvemento persoal e social de todos os alumnos e alumnas, aínda sendo moi diferentes entre si; tamén potencia a autonomía do alumnado posto que moitos problemas resólvenos o propio alumnado e ao tempo facilita a personalización da ensinanza porque o profesorado dispón de máis oportunidades de atender a quen máis o necesita.

A diversidade como realidade social que é forma parte de cada centro educativo e tamén do noso. Esta realidade require dunha atención que supón o conxunto de accións, medidas ou programas deseñados coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, denomínanse medidas de atención á diversidade (MAD).

Dado que a primeira atención recíbea o alumno ou alumna no seu grupo-clase por parte da persoa titora ou do profesor/a de cada materia as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario de acordo co establecido no Plan de Atención á Diversidade (PAD).

As medidas ordinarias serán prioritarias: son as actuacións e programas que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade para previr, compensar ou facilitar a superación de dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario e as medidas extraordinarias levaranse a cabo unha vez esgotadas as anteriores ou por resultaren estas insuficientes. Responden ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que poden requirir modificacións

significativas do currículo ordinario (obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación) e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

As primeiras semanas de clase, as actividades lectivas enfocaranse cara a realización da avaliación inicial para detectar necesidades educativas do grupo e de cada alumno/a e para axustar as programacións de aula ao grupo-clase, unha vez coñecida a realidade do alumnado.

Tamén cando no contexto do proceso de avaliación continua o titor/a detecte dificultades que determinan que o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, este establecerá medidas de Reforzo Educativo, en calquera momento do curso, comunicándoas á familia, e se fose un mestre especialista nas materias de música, educación física ou lingua estranxeira comunicarao primeiro ao titor/a. A lo menos durante a sesión de avaliación comunicárase ao equipo docente se son suficientes para garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo ou se se fai preciso complementar con outras medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe. O titor/a reflectirá na Acta de Avaliación a petición de asesoramento do Departamento de Orientación para a determinación das medidas que, de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade, se estime conveniente levar a cabo tales como o apoio do mestre especialista de Audición e Linguaxe (AL) e/ou mestre especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) que no caso de intervir dentro da aula ordinaria basearanse na programación didáctica do profesor/a que imparte a materia e cando a intervención se desenvolva nas aulas específicas farano en base ao programa de intervención que elaboren, apoio doutro mestre distinto do titor/a con dispoñibilidade horaria, adaptación curricular, flexibilización da duración do período de escolarización, programas de enriquecemento curricular.

Unha vez postas en marcha as medidas de atención á diversidade o seguimento destas realizarase na reunión de inicio do trimestre e na semana previa á sesión de avaliación conxuntamente coas mestras especialistas de audición e linguaxe así como de pedagogía terapéutica co fin de establecer os estándares de aprendizaxe mínimos nos que se vai intervir, así como a posterior cualificación consensual.

Así mesmo terase en consideración, no caso de ser posible, os resultados da avaliación individualizada ao rematar 3º e 6º de educación primaria cando sexan desfavorables de cara a adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas.

As/os mestres especialistas de Audición e Linguaxe (AL) e de Pedagogía Terapéutica (PT) deben elaborar os programas de intervención específicos para cada alumno/a e telos na aula de cara á realización do seguimento do alumnado.

9.1 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ESPECÍFICAS POR CURSO.

No 2º curso realizaranse os plans de reforzo aos discentes con necesidades. Levaranse a cabo reforzos individualizados por parte da titora, apoios dentro da aula e atención do profesorado de Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe. Estarase en contacto constante co Departamento de Orientación para facer seguimento da evolución do alumnado e poder facer feedback das medidas tomadas.

No 3º e 4º curso para reforzar a conduta e a actitude positiva cara aos demais, cara ao traballo e esforzo, cara á organización, activarase neste curso unha dinámica de economía de fichas e recompensas a través de “brag tags” vencellado á temática de Exploradores.

De xeito máis específico, en 3ºB, un alumno diagnosticado de Asperger, presenta grandes dificultades para seguir o ritmo de aula e outro con dislexia ten un ritmo de traballo moi lento que lle dificulta en gran medida o seguimento do traballo en aula.

En 3ºA hai un alumno diagnosticado de déficit de atención.

De todos xeitos o seguimento e reforzo dos alumnos será individualizado e continuo, tanto pola titora, como pola orientadora do centro, mestres de apoio e mestres especialistas en PT e AL.

No 4º curso, para o reforzar a conduta e a actitude positiva cara aos demais, cara ao traballo e esforzo, cara á organización, activarase neste curso unha dinámica de economía de fichas e recompensas vencellado á temática do proxecto (exploradores).

Na táboa incluída a continuación recóllense as medidas de atención á diversidade que, na actualidade, se están a desenvolver en 4º A:

4º A DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
DESTINATARIO/A	TIPO	MEDIDA	RESPONSABLE/S

Grupo – clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente
	ORDINARIA	Reforzo educativo/apoio	Profesorado con dispoñibilidade horaria
Unha alumna con moitos problemas de comprensión, xa nas mensaxes orais. Non ten afianzada a lectoescritura nin o razoamento	EXTRAORDINARIA	Adaptación curricular significativa nas áreas de Matemáticas, Lingua Galega,	Mestra-titora Mestres especialistas Orientadora



matemático. É unha nena que ten necesidades emocionais.		Lingua Castelá, Lingua Estranxeira (inglés), Ciencias Sociais e Ciencias Naturais	
	EXTRAORDINARIA	Apoio da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica	Mestra de PT Orientadora
	EXTRAORDINARIA	Apoio da profesora especialista en Audición e Linguaxe	Mestre de AL Orientadora
Un alumno con dificultades significativas no ritmo de traballo	ORDINARIA	Reforzo educativo	Titora e profesorado con dispoñibilidade horaria
Un alumno con dificultades na lectoescritura	ORDINARIA	Reforzo educativo	Equipo docente
Un alumno con fibromatosis con alteración da linguaxe.	EXTRAORDINARIA	Apoio do mestre especialista en Audición e	Mestre de AL

		Linguaxe	
Unha alumna con dificultades no proceso de adquisición da lectoescritura e no cálculo	ORDINARIA	Reforzo educativo	Titora e profesorado con dispoñibilidade horaria

No grupo de 4º B hai unha alumna con autoestima baixa e certo desfase curricular ocasionado especialmente polas súas ausencias. Esta alumna continuará con reforzo en aula e co apoio da PT (2 sesións semanais) e AL (2 sesións semanais), impartidas xa anteriormente, en 3º EP; curso que remata con dúas materias suspensas.

Outra compañeira con considerables dificultades, desfrutará das mesmas medidas (reforzo e apoio). Ademais atópase en estudo médico. Remata o curso cunha única materia suspensa.

Un terceiro alumno presenta graves deficiencias na lectoescritura e no ritmo de traballo. Será proposto para un apoio específico de AL. Conta con dúas materias suspensas.

En cuarto lugar, cómpre mentar a incorporación dun alumno novo, repetidor en cursos anteriores, e con 3 materias suspensas. Será reforzado en aula e proposto para apoio de AL E PT. Para a súa integración no grupo, activaranse dinámicas que favorezan a súa integración e cohesión ao grupo.

Nos casos mentados, constátase normalmente pouca implicación por parte da familia.

Un quinto alumno é proposto para ser valorado polo DO por sospeitas de TDA. Ben que remata o curso anterior cun aprobado xeral. É un alumno que será, en principio, reforzado pola titora debido ás súas dificultades.

A modo de resumo, seguiranse segundo o caso as seguintes estratexias: tentarase situar estes dos alumnos preto do profesorado, intentarase captar a atención con distintas estratexias (xestos, ton de voz, elementos visuais, contacto visual...), corríxanse comportamentos en privado e felicitaranse en público, ofreceráselles confianza e experiencias de éxito, reforzáráselles calquera logro, axudaráselles a xestionar as emocións, retiraranse obxectos que sirvan de distracción, permitiranse momentos de descanso, realizaranse entrevistas individuais, proporcionarase alternancia nas actividades (curtas/longas, prácticas/teóricas, doado/difícil...), elaboraranse enunciados

estruturados, moi claros e explícitos, favorecerase a participación oral e implicación, flexibilizaranse as probas (tempo, modalidade, propoñer revisión antes de entregar, recuperacións...)... Ademais das medidas metodolóxicas enriba citadas, tamén se incentivará a titoría entre iguais. Incidirase na colaboración no desempeño do reforzo coas familias.

En xeral, para reforzar este alumnado nas áreas instrumentais, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Actividades variadas multinivel, estimulantes, motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co grupo e non diferentes.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar.
- Utilizar espazos que nos permitan proporcionar axuda continuamente.
- Fomento da cotitoría: axuda entre o alumnado.

As medidas da atención á diversidade no **6º curso** reflíctense na seguinte táboa:

				Dificultades na aprendizaxe	Modificación conduta
Avaliación inicial	Medidas ordinarias	Reforzo Educativo	6ºA	8	3
		Eq. docente	6ºB	3	2
Concrecións:					
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Adecuación das programacións de aula en función da realidade do grupo, moi heteroxéneo en sexto, destacando un gran grupo de alumnxs con dificultades en destrezas instrumentais básicas. ➤ Seguimento de traballo diario mediante axenda individual compartida coa colaboración/intervención familiar. ➤ Intervención personalizada coa adaptación de contidos e axuda en realización de tarefas. ➤ Complementar con fichas, esquemas, presentacións adaptadas a alumnx. ➤ Implemento recursos online lúdicos. ➤ Potenciar emprego TIC como elemento motivador ➤ Crear clima de respecto e valoración persoal entre os alumnxs mediante actividades que propicien a cohesión do grupo, chegando a conclusións mediante asambleas/debates. 					
Avaliación continua + Acta avaliación + Dep.	Medidas extraordinarias	Profesorado apoio en aula	6ºA	1 prof / 1 sesión	
			6ºB	1 prof /1 sesión	
				Nº alumnxs	
		AL	6ºA	1	

Orientación			6ºB	2
			PT	6ºA
				6ºB
		*ARCO	6ºA	6
			6ºB	5

Concrecións:

- ✓ Darlle preferencia ás actuacións dentro da propia aula.
- ✓ Apoio por mestres especialistas de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, mestres de apoio con disponibilidad, *profesorado de programas externos específicos.
- ✓ Adaptación do currículo á cada individuo.
- ✓ Elaboración de actividades adaptadas por parte de titores e mestres especialistas.
- ✓
- ✓
- ✓ Excepcionalmente valorarase a posibilidade de flexibilización do período de permanencia no nivel, fin de etapa, para aqueles que tras todas as actuacións manteñan serias dificultades de promoción.

10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

.....Como todos os anos este curso traballarase, como proxecto de centro, un tema transversal que pretende servir como nexo de unión de todas etapas e que o utilizamos para traballar as diferentes conmemoracións e celebracións que desgranamos no apartado 12. Este ano traballaremos como tema transversal no CPI Aurelio Marcelino Rey García:

- Que arte tes! (Manifestacións artísticas)

Este tema abordarase en forma de proxecto, tendo o traballo do alumnado un impacto social sobre o entorno próximo. A idea é rematar o curso cunha exposición das diferentes representacións artísticas, expresadas ao longo do curso escolar.

Vinculado a esta temática traballaranse aspectos de educación emocional como son os medos , a autosuperación, a autoestima e valores como a empatía e o respecto.

11. MEDIDAS PARA A INCORPORACIÓN DAS TIC AO TRABALLO NA AULA

No centro promóvese o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

Este ano complétase coa implantación completa de programa E-dixgal. Contamos con 4 aulas Edixgal no centro na Educación Primaria (5º-6º E.P.) e tódalas demais aula están equipadas con ordenador, canón e pantalla.

As aulas de E.I. están todas equipadas con Pizarra Dixital Interactiva.

Fomentaremos o uso da STEM a través da utilización de xeito paulatino da robótica en Educación Infantil, así como da introdución da robótica en todos os niveis da Educación Primaria.

O centro tamén dispón dun equipamento de 15 táboas que se utilizarán de xeito constante por aqueles docentes que consideren oportuno utilizar este recurso no desenvolvemento da súa programación.

12- A ACCIÓN TITORIAL

Procedementos para a información ás familias e ao alumnado:

- Reunión en cada aula con pais e nais ou tutores ao inicio do curso para informar sobre a presente programación e as normas que van regular o funcionamento do curso en cada titoría, ademais do protocolo covid e no cambio das diferentes normas de organización, funcionamento e convivencia.
- Entrevistas con pais/nais/tutores, de xeito telemático, tras solicitude formalizada polos pais interesados na mesma. Atenderase preferentemente no horario previsto ou en casos excepcionais fóra do horario lectivo fixo cunha periodicidade trimestral.
- Entrevistas telemáticas por demanda do titor ou titora naqueles casos que se precisen.

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na etapa de Educación Primaria realizaranse diversas actividades complementarias ao longo do curso, do mesmo xeito traballarase nas diferentes áreas as conmemoracións reflectidas a continuación:

- 20 de novembro: **Día Universal da Infancia**
- 25 de novembro: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero.**

- Do 30 de novembro ao 7 de decembro: conmemoración da **Constitución e do Estatuto de autonomía de Galiza**.
- 3 de decembro: **Día Internacional das Persoas con Discapacidade**
- 10 de decembro: **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos**.
- 24 de xaneiro: **Día Internacional da Educación**.
- 30 de xaneiro: **Día escolar da non Violencia e da Paz**.
- 8 de marzo: **Día Internacional da Muller**.
- 15 de marzo: **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor**.
- Do 8 ao 12 de marzo **Semana da Prensa**.
- 7 de abril: **Día Mundial da Saúde**.
- Entre o 19 e o 23 de abril: **Semana do libro**.
- 9 de maio: **Día de Europa**.
- Do 10 ao 14 de maio: **Semana das Letras Galegas**.
- 5 de xuño: **Día Mundial do Medio Ambiente**.

Para a conmemoración do día 3 de decembro “**Día Internacional das Persoas con Discapacidade**”, contamos coa colaboración da Asociación Avanzar que ten a súa sede en Cuntis. Dende fai uns anos propoñen concursos, actividades e charlas relacionadas co tema para tódalas etapas educativas.

En canto ás festas propias da cultura e os festivais sinalar que se traballarán os seguintes:

O Samaín – O outono cunha degustación de froitos dos outonos, decoración de corredores e do propio alumnado.

O Magosto – A xornada constará de dous bloques de actividades; na primeira parte da mañá xogos tradicionais e na segunda parte obradoiros diferentes adaptados as distintas idades. Para pechar a xornada realizarase unha degustación de castañas no patio para todo o alumnado do centro. Nesta actividade participa a ANPA “O Baño”.

Polo **Nadal** realizase a visita dos Reis Magos para a etapa de Educación Infantil e 1º e 2º cursos de EP.

O **Entroido**, celebrarase cun desfile no patio ou no pavillón do centro, se o momento de crise sanitaria nolo permite, e unha degustación de filloas e orellas aportadas polas familias. Os disfraces estarán inspirados no contido transversal “**Que arte tes!**” e serán elaborados polo alumnado supervisado polo profesorado.

Pola situación excepcional na que vivimos este ano non se van a realizar as diferentes actividades extraescolares que se viñan facendo ao longo destes anos. O centro deixa aberta a actividades complementarias ofertadas, que terán lugar no centro e cumprindo coas medidas establecidas no Protocolo Covid, polo que estas actividades nunca implicarán a mestura de grupos estables de convivencia.

No **1º curso** como actividades complementarias realizarase algunha saída pola vila para reforzar contidos aprendidos na aula.

No **2º curso** como actividades complementarias propóñense:

- Visita didáctica polo casco urbano de Cuntis para coñecer a localidade e os seus elementos.
- Ruta pola contorna coa intención de descubrir e experimentar cos elementos da natureza e humanizados que nos rodean.

As saídas que están previstas para realizar ao longo deste curso no **3º e 4º curso** de Educación Primaria:

- Durante o curso escolar realizaranse actividades educativas vencelladas ó proxecto que se está a traballar, “Os exploradores”, como saídas na contorna do concello como a observación da natureza. (2º Trimestre)
- Saída a Castro Landín. (1º Trimestre).
- Entorno a temática da enerxía, contidos a tratar nestes niveis, plantéxase a idea de visitar a fábrica da luz. (1º Trimestre).
- Visita dalgún contacontos sobre algunha temática en concreto. (2º trimestre).
- Visita dalgún experto sobre algunha temática (2º trimestre)
- Andainas por Cuntis (3º trimestre)

No **5º curso** ao longo deste curso académico, e debido a situación que estamos a vivir, non se levarán a cabo actividades complementarias e extraescolares, aínda que si se realizará o obradoiro “Novas masculinidades”, que quedou pendente do curso pasado.

Cabe a posibilidade de que se leve a cabo algunha actividade a maiores que aínda non está programada.

Na área de música, neste curso non se solicitarán os concertos didácticos fóra do Concello, minimizando deste xeito os riscos. Sempre que sexa posible, intentarase que este tipo de actividades musicais sexan no propio centro escolar ou na propio pobo dentro do horario lectivo, sempre que se cumpran as normas recollidas no protocolo COVID-19.

Na **área de Educación Física** proporanse as seguintes actividades complementarias:

- Saídas a espazos naturais próximos ao centro.
- Xornadas de xogos para celebrar as diferentes conmemoracións respectando grupos estables.
- Retos inter-aulas (o alumnado de cada titoría propondrá un reto ao alumnado doutra aula que deberá enviar un vídeo onde demostre que o reto está superado.
- Citius altius, fortius. En ano olímpico, usaremos este lema para introducir unha batería de retos físicos, que o alumnado terá a posibilidade de resolver nos recreos.
- Celebración do día da Educación Física na Rúa, que se celebra a finais do mes de abril.

14. AVALIACIÓN

Segundo se recolle no Decreto 105 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades,

e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A aprendizaxe do alumnado debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para introducir no proceso educativo cantas modificacións sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe do alumnado non responde para o que, a priori, se espera).

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a titoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte

curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e as alumnas.

O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

Os documentos oficiais de avaliación son:

- O expediente académico
- As actas de avaliación
- Os documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria
- Informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa
- Historial académico e, no seu caso, o informe persoal por traslado.

Os documentos oficiais de avaliación serán visados pola dirección do centro e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Ao carón constarán o nome e os apelidos de quen asina, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente.

O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de:

- Insuficiente (IN)

(para as cualificacións negativas);

- Suficiente (SU)
- Ben (BE)
- Notable (NT)
- Sobresaliente (SB)

(para as cualificacións positivas).

A estes termos achegaraselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.

- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente, cuxo outorgamento corresponderá á consellería con competencias en materia de educación.

As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao remate do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias, no seu caso. Comprenderán a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das áreas e as decisións sobre promoción e permanencia.

As actas de avaliación serán asinadas polo titor ou a titora do grupo e levarán o visto e prace da dirección do centro.

14.1. AVALIACIÓN INICIAL

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Segundo se establece no punto 3 do artigo 4º da Orde do 9 de xuño de 2016 *polo que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Respecto ao **1º curso de EP** a comezos do curso actual desenvolvéronse actividades relacionadas co ámbito lingüístico e co ámbito matemático co fin de coñecer a realidade académica do noso alumnado.

Ao tratarse este curso do primeiro nivel da Educación Primaria consideramos que debemos comezar o ensino-aprendizaxe dende cero seguindo o currículo da Educación Primaria. Deste xeito, a medida que se desenvolve este traballo iremos detectando as posibles necesidades de cada alumno-a e poderemos solventalas con reforzos e recursos persoais e materiais dos que dispón o centro educativo.

No **2º curso**, para obter os resultados da avaliación inicial do alumnado empregaremos os procedementos de: observación sistemática, análises de producións do alumnado, intercambio orais e probas específicas obxectivas con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnado escolla, sinala ou complete.

No **3º curso de EP** a avaliación inicial non só se centrará no nivel curricular do alumnado e no seu nivel competencial, senón tamén tentará recoller datos sobre as relacións sociais, cohesión de grupo... ou dos estilos de aprendizaxe, intereses e potencialidades do alumnado. Continuarase coa mesma liña de traballo SEMGAL destes últimos anos.

No **4º curso** a avaliación inicial non só se centrará no nivel curricular do alumnado e no seu nivel competencial, senón tamén tentará recoller datos sobre as relacións sociais, cohesión de grupo... ou dos estilos de aprendizaxe, intereses e potencialidades do alumnado. Levaranse a cabo pequenas probas, dinámicas de carácter lúdico (retos) e outras propostas como a creación dun Portfolio de Talento.

No **5º curso** esta avaliación, incluírá a análise dos informes persoais do curso anterior e completárase coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Ademais, esta avaliación inicial realizouse a través da observación directa na aula e da análise de probas escritas nas áreas instrumentais.

No **6º curso** Realizarase preceptivamente entre setembro e outubro e terá como obxecto obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias. Empregaremos diferentes instrumentos: informes de escolarización anterior, entrevistas coas familias, pequenas probas individuais, observación as primeiras semanas sobre o desempeño das tarefas.

Tempo: Dúas primeiras semanas de setembro.

Instrumentos:

- Entrevistas orais.
- Cuestionarios orais.

- Probas escritas
- Rexistro de actividades realizadas durante o período estival

Valoración:

- 23 alumnxs que acadan un nivel axeitado, con certas deficiencias atribuíbles ao período de ausencia en aula
- 2 alumnxs con moito traballo no período de confinamento e vacacional anque presentan dificultades, advírtese unha actitude positiva de cara á recuperación
- 9 alumnxs cun nivel moi baixo en todas as propostas ofertas e que presentan unha actitude negativa ante o traballo diario.

Ámbito lingüístico:

- 9 alumnxs con deficiencias na secuencia lectura propia do nivel, nivel baixo na comprensión lectora en xeral,
- nivel aceptable na expresión oral,
- no coñecemento da lingua: nivel aceptable no emprego de vocabulario, moi baixo na ortografía e no formato de expresión escrita...

Ámbito matemático:

- 9 alumnxs manifestan importantes dificultades tanto no bloque operación matemáticas como no razoamento e procedemento de solución de problemas.

Valorar positivamente a actitude do grupo ante a lectura voluntaria, a asiduidade á biblioteca do Centro, a boa disponibilidad de cara ao traballo cooperativo.

Na **área de música**, nos primeiros días do primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo e de repaso dos conceptos aprendidos en cursos anteriores.

Esa avaliación levarase a cabo a través da observación de actividades rítmicas, de preguntas orais e ficha escritas.

Na **área de Educación Física**, a avaliación inicial realizouse a través da observación directa en diferentes situación de ensinanza-aprendizaxe, recollendo os resultados de devandita observación no diario de clase.

14.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

No 2º curso aparecen sinalados na seguinte táboa:

PROCEDIMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación sistemática	<p>Escalas de observación Permite establecer estimacións dentro dun contínuo</p> <p>- Categorías: Identifica a frecuencia (exemplo: Sempre, As veces, Nunca) ou caracterización (Exemplo: Iniciado, en proceso, Consolidado) da conduta a observar</p> <p>- Numérica: Determina o logro e a intensidade do feito avaliado. Pódese utilizar a gradación de 1 de 4, de 1 a 5, 1 a 6, ou a máis tradicional de 1 a 10</p> <p>- Descritiva: Incorpora frases descritivas. Exemplo: "Traballa y trae el material pero no toma iniciativas", ou ben, "Suxire ideas e traballa adecuadamente"</p>
	<p>- Listas de control Registra a ausencia ou presenza dun determinado rasgo, condutas o secuencia de accións. Caracteriza por aceptar soamente dúas características: si o non, logra ou non o logra, presente ou ausente, etc.</p>
	<p>- Rexistro anecdótico Fichas na que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que poden aportar información significativa para valorar carencias o actitudes positivas.</p>
	<p>- Diarios de clase Análises sistemático e continuado das tarefas diarias realizadas na clase. Pódense usar escalas de observación para o rexistro do seguimento efectuado.</p>
Análises de producións dos alumnos	<p>- Monografías Texto argumentativo que presenta e analiza os datos, obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática, analizados con visión crítica</p> <ul style="list-style-type: none"> De compilación De investigación De análises de experiencia
	Resumos
	Traballo de aplicación e sínteses
	Caderno de clase
	Caderno de campo
	Resolución de exercicios e problemas
	Textos escritos
	Producións orais
	Producións plásticas ou musicais
	Producións motrices
	Investigacións
Xogos de simulación e dramáticos	
Intercambios orais cos alumnos	Diálogo
	<p>Entrevista Guión da entrevista: Comunicación verbal planificada, utilizando guións máis ou menos estruturados, que aporta datos útiles para coñecer unha determinada conduta. Son moi utilizadas na resolución de situacións problemáticas.</p>
	Asamblea
	Posta en común
Probas específicas	<p>- Obxectivas Con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que el alumno escolla, sinala ou complete</p> <ul style="list-style-type: none"> De resposta alterna De complementación Términos pareados
	<p>- Abertas e inferenciais Con preguntas ou temas nas que o alumnado debe construír as respostas</p>
	<p>- Interpretación de datos Con material de introdución (ilustración, mapa,...) seguido dunha serie de preguntas relativas á súa interpretación</p>
	Exposición de un tema
	Resolución de exercicios e problemas
	Probas de capacidade motriz

Cuestionarios	<p>- Abertos: Son aqueles nos que se pregunta ao suxeito algo e se lle deixa en liberdade de responder como queira. Este tipo de cuestionario é moi útil e proporciona moita información, pero require máis tempo por parte do informante e é máis difícil de analizar e codificar por parte do investigador. Xeralmente, se aplican en estudos pilotos con el fin de obter máis datos.</p> <p>- Cerrados: Están estruturados de tal maneira que ao informante se lle ofrecen só determinadas alternativas de resposta. É máis fácil de codificar e contestar. Como desvantaxe, podemos mencionar que as categorías que se ofrecen poden no ser as máis adecuadas, ou que a persoa non pensara as súas respostas en termos das categorías que se lle ofrecen. Outra desvantaxe é que, ao ofrecerlle categorías ao informante, se lle están "suxerindo" as respostas.</p>
Gravacións e análises	
Observador externo	

No 3º curso, entre os procedementos e instrumentos que se empregarán destacan a observación sistemática (recollida no diario de clase, listas de control ,..), intercambios orais co alumnado (preguntas, entrevistas...), a análise de produtos escritos (redacións, mapas conceptuais, traballos..) e orais (exposicións e debates..), análise de participación, rúbricas, actividades finais (tipo III) dos proxectos etc.

No 4º curso farase uso dos seguintes procedementos:

- Observación sistemática
- Probas específicas
- Probas orais e escritas
- Recopilación das tarefas propostas
- Análise das producións do alumnado.
- Análise da participación
- Intercambios orais

No caso dun curso a distancia, incídase nos dous últimos punto de forma telemática.

Respecto aos instrumentos establécense os seguintes:

- Diario de clase
- Probas orais
- Probas escritas
- Rexistro anecdótico
- Lista de control
- Lista de cotexo
- Rúbricas
- Escala valoración
- Rexistro descriptivo

No caso dunha ensinanza telemática incidirase nos catro últimos puntos.



No 5º e 6º curso establécense os seguintes procedementos e instrumentos:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación sistemática	<p>Escalas de observación Permite establecer estimacións dentro dun contínuo</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Categorías: Identifica a frecuencia (exemplo: Sempre, As veces, Nunca) ou caracterización (Exemplo: Iniciado, en proceso, Consolidado) da conduta a observar ● Numérica: Determina o logro e a intensidade do feito avaliado. Pódese utilizar a gradación de 1 de 4, de 1 a 5, 1 a 6, ou a máis tradicional de 1 a 10 ● Descritiva: Incorpora frases descritivas. Exemplo: "Traballa y trae el material pero no toma iniciativas", ou ben, "Suxire ideas e traballa adecuadamente"
	<p>- Listas de control Rexistra a ausencia ou presenza dun determinado rasgo, condutas o secuencia de accións. Caracteriza por aceptar soamente dúas características: si o non, logra ou non o logra, presente ou ausente, etc.</p>
	<p>- Rexistro anecdótico Fichas na que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que poden aportar información significativa para valorar carencias o actitudes positivas.</p>
	<p>- Diarios de clase Análises sistemático e continuado das tarefas diarias realizadas na clase. Pódense usar escalas de observación para o rexistro do seguimento efectuado.</p>
Análises de producións dos alumnos	<p>- Monografías Texto argumentativo que presenta e analiza os datos, obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática, analizados con visión crítica</p> <ul style="list-style-type: none"> De compilación De investigación De análises de experiencia
	Resumos
	Traballo de aplicación e sínteses
	Caderno de clase
	Resolución de exercicios e problemas
	Textos escritos
	Producións orais
	Producións plásticas ou musicais
	Producións motrices
	Investigacións
Xogos de simulación e dramáticos	
Intercambios orais cos alumnos	Díálogo
	<p>Entrevista Guión da entrevista: Comunicación verbal planificada, utilizando guións máis ou menos estruturados, que aporta datos útiles para coñecer unha determinada conduta. Son moi utilizadas na resolución de situacións problemáticas</p>
	Asamblea
	Posta en común
Probas específicas	<p>- Obxectivas Con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que el alumno escolla, sinale ou complete</p> <ul style="list-style-type: none"> De resposta alterna De complementación Términos pareados
	<p>- Abertas e inferenciais Con preguntas ou temas nas que o alumnado debe construír as respostas</p>
	<p>- Interpretación de datos Con material de introdución (ilustración, mapa,...) seguido dunha serie de preguntas relativas á súa interpretación</p>
	Exposición de un tema
	Resolución de exercicios e problemas
	Probas de capacidade motriz

Cuestionarios	<p>- Abertos: Son aqueles nos que se pregunta ao suxeito algo e se lle deixa en liberdade de responder como queira. Este tipo de cuestionario é moi útil e proporciona moita información, pero require máis tempo por parte do informante e é máis difícil de analizar e codificar por parte do investigador. Xeralmente, se aplican en estudos pilotos con el fin de obter máis datos.</p> <p>- Cerrados: Están estruturados de tal maneira que ao informante se lle ofrecen só determinadas alternativas de resposta. É máis fácil de codificar e contestar. Como desvantaxe, podemos mencionar que as categorías que se ofrecen poden no ser as máis adecuadas, ou que a persoa non pensara as súas respostas en termos das categorías que se lle ofrecen. Outra desvantaxe é que, ao ofrecerlle categorías ao informante, se lle están "suxerindo" as respostas.</p>
----------------------	--

14.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No **1º curso** Para obter a cualificación do alumnado utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación de actividades realizadas polo alumnado.
- Exploración por medio de preguntas que nos permitirán obter información sobre a comprensión do alumnado sobre diferentes contidos.
- Listas de control
- Rúbricas
- Rexistros anecdóticos e diarios de clase.
- Participación na aula.
- Análise das producións do alumnado.
- Intercambios orais do alumnado.

A cualificación do alumnado nas diferentes áreas será seguindo os procedementos e instrumentos de avaliación mencionados anteriormente.

A cualificación nas diferentes áreas terá en conta o grao de consecución dos obxectivos, as competencias clave e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, de acordo cos criterios de avaliación establecidos para o curso. Deste xeito, considéranse as seguintes porcentaxes:

2º / 3º / 4º / 5º de EP

- Un 70 % da cualificación calcularase tendo en conta as cualificacións acadadas nas probas orais ou escritas e nos traballos individuais ou en grupo, de ser o caso.
- Un 30% da cualificación calcularase tendo en conta:
 - O traballo persoal diario na aula e na casa (15%)
 - A presentación nos cadernos e traballos que se lle encarguen (5%)
 - Esfuerzo persoal de cara á materia na aula e fóra dela (5%)
 - O interese por aprender e constancia no traballo (5%)

En **6º curso** a cualificación total calcularase tendo en conta:

50% Probas:

- Probas orais
- Probas escritas
- Traballos individuais específicos

30 % Traballo persoal diario (Observación directa, rexistros, portfolio... de:)

- Realiza/ remata tarefas de casa.
- Realiza/remata tarefas aula.
- Realiza axeitadamente autocorreccións.
- Nivel de consecución de logros.
- Presentación cadernos e fichas.
- Coidado do material
- Falta material

20 % Actitude e interese pola materia:

- Comportamento correcto
- Colabora na socialización da aula
- Interese por aprender
- Constancia no traballo
- Esfuerzo persoal
- Formula preguntas / dúbidas
- Intervén/ participa con ideas propias

Estas porcentaxes para a cualificación teranse en conta en todas as áreas agás:

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- O 60% da cualificación total calcularase tendo en conta:
 1. Cualificacións acadadas en probas orais/escritas (30%)
 2. Observación continua do traballo diario (tanto oral como escrito) (30%)
- O 40% da cualificación total calcularase tendo en conta:
 1. Presentación dos seus traballos (10%)
 2. Participación activa e positiva na clase (10%)
 3. Interese por aprender e constancia no traballo (10%)
 4. Esfuerzo persoal de cara á materia (10%)

Estes aspectos avaliaranse a través da observación diaria, utilizando listaxes de control, rúbricas ou escalas de observación.

EDUCACIÓN FÍSICA

A avaliación do alumnado realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Un 40% do valor da nota corresponderá ao esforzo no **proceso** de adquisición dos obxectivos.
- Un 30% do valor da nota corresponderá ao **resultado**, ao **desenvolvemento motriz** que amosa nas diferentes habilidades e capacidades físico- motrices.
- O 30% para valorar a adquisición de **hábitos** (coidado e recollida do material, hixiene, indumentaria axeitada, escoita activa e respecto ás quendas para intervir) e **actitude** cara a materia.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

A avaliación do alumnado realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Un 60% da cualificación corresponderase:
 - Traballo realizado na aula tanto o traballo realizado individualmente coma en grupo (30%)
 - Presentación dos traballos (30%)
- Un 40% da cualificación corresponderase:
 - Interese por aprender (20%)
 - Esforzo persoal (20%)

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA

A avaliación do alumnado realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Un 40% da nota corresponderá á participación activa do/a alumno/a, valorando a posta en práctica e participación das actividades propostas.
- Un 40% da nota corresponderá á valoración das probas orais e escritas.
- Un 20% da nota corresponderá ao esforzo, interese e actitude e constancia de cara á materia.

Na área de Educación Artística (plástica e música) o procedemento de avaliación será a avaliación sistemática a través dos seguintes instrumentos como rúbricas e listas de control.

14.4 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

No artigo 6º da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese a promoción de curso e de etapa do alumnado.

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios do profesorado titor.

O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

No artigo 7º da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese a avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

15. AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

No artigo 8º da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese a avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente.

En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) Clima de traballo na aula.
- e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

Utilizarase os seguintes instrumentos:

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Nome:				
Avaliación da práctica docente	1	2	3	4
Fago avaliación inicial ao principio de curso				
Propoño plan de traballo para cada unidade				
Planifico situacións introdutorias previas ao tema				
Aproveito o interese dos alumnos por un tema determinado para utilizalo como centro de interese				
Manteño o interese do alumnado				
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos				
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes				
Proporciono estratexias e ferramentas para que os alumnos descubran os contidos				
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe				
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas				
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas				



Obsérvanse as actividades dos alumnos				
Proporciono ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar				
Análizanse traballos realizados de xeito individual e en grupo				
Lévase rexistro da observación sistemática				
Fanse entrevistas co alumnado				
Fanse probas orais				
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques				
Fanse probas escritas sobre grandes bloques				
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia				
Son accesible ás familias				
OBSERVACIÓN: 1 Poucas veces, 2 Frecuentemente, 3 Case sempre, 4 Sempre				

ORGANIZACIÓN DA AULA E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS

Nome:				
Organización da aula e aproveitamento dos recursos	1	2	3	4
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos				
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas aportacións				
Distribúo o tempo axeitadamente				
Adopto distintos tipos de agrupamento en función da tarefa a realizar				
Organizo o espazo físico da aula en función das actividades a realizar				
Utilizo recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica dos alumnos				
Sigo o libro de texto como fonte de coñecemento e eixe da programación				
A metodoloxía é activa: proxectos, traballos colaborativos, ...				
As actividades propostas están equilibradas entre individuais e grupais				
Reviso e actualizo a programación coas melloras introducidas durante o curso				
Deseño os meus propios instrumentos de avaliación				
Emprego ferramentas informáticas para obter as cualificacións e niveis competenciais				
Entrego os meus instrumentos de avaliación ás familias				
OBSERVACIÓN: 1 Poucas veces, 2 Frecuentemente, 3 Case sempre, 4 Sempre				

16. AVALIACIÓN DESTA PROGRAMACIÓN

Utilizarase o seguinte documento de autoavaliación da propia programación:

Lenda de escala de valoración		
Insuficiente	1	Omitense elementos fundamentais do indicador establecido.
Básico	2	Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.
Competente	3	Evidénciase prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador establecido.
Excelente	4	Evidénciase prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencias de boas prácticas.

AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Nome:				
Avaliación da propia programación	1	2	3	4
Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar				
Adecuación da metodoloxía				
A metodoloxía foi común para todo o departamento				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias				
OBSERVACIÓN: 1 Deficiente, 2 Mellorable, 3 Boa en moitos casos, 4 Boa en todos os casos				